

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN

A través da plataforma Councilbox, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día tres de marzo de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese por medios telemáticos o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a señora concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, D^a Susana Amor Fernández.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 29.12.2020 E 18.01.2021

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias celebradas en datas vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dezaoto de xaneiro de dous mil vinte e un, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións extraordinarias de datas vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dezaoto de xaneiro de dous mil vinte e un, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinarias de datas vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dezaoto de xaneiro de dous mil vinte e un.

2.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE RÚAS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Cultura, de data once de febreiro de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión extraordinaria de data dezaoto de febreiro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO SOBRE NOMEAMENTO DE RÚAS EN DIFERENTES PARROQUIAS DO MUNICIPIO.

Antecedentes

- 1.- Determinadas rúa das parroquias de Culleredo e Almeiras, deste municipio, están pendentes de recibir unha denominación, polo que se fai necesario darlles un nome.
- 2.- A Concellería de Cultura presenta unha proposta acompañada dun informe no que se fundamenta a denominación que se propón.

Consideracións legais

- 1.- O artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, dispón que os concellos manterán actualizada a nomenclatura das vías públicas, e deberán informar deste feito ás administracións interesadas.
- 2.- A concelleira de Cultura fixo unha proposta para poñer nome a unhas rúas ata o de agora pendentes de nomeamento.
- 3.- A competencia relativa á denominación das rúas e vías públicas compete ao Pleno da Corporación, en uso da facultade concedida polo artigo 22 da Leis 7/1985, de 2 de abril.
- 4.- Por último, por aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, considérase oportuno, á vista da natureza da proposta e a súa incidencia sobre unha cantidade indeterminada de persoas interesadas, que o acordo que se adopte sexa sometido a un período de información pública para que se poidan presentar as alegacións que se

C.I.F. P-1503100-H

consideren convenientes por parte daquelas persoas que teñan dereitos ou intereses que se poidan ver afectados polo acordo que se adopte.

Por todo o exposto **proponse ao Pleno da Corporación** a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Impoñer ás rúas sinaladas nos planos que figuran grafadas na documentación técnica, e polos méritos expostos que constan no expediente administrativo:

O nome de RÚA REGO DOS CAMPOS, no lugar de Toroño, na parroquia de Culleredo.

O nome de RÚA TRAVESÍA JOAQUÍN SOROLLA, no lugar da Telva, na parroquia de Almeiras.

Segundo.- Acordar un período de información pública de vinte días a contar desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan presentar alegacións por parte das persoas que teñan dereitos e intereses que se poidan ver afectados polo acordo adoptado. Este acordo será definitivo cando transcorra o período que se indica sen que se presente ningunha alegación.

Terceiro.- Comunicar este acordo á unidade encargada de xestionar o Padrón de Habitantes, ás áreas de Urbanismo e Medio Ambiente e Servizos do Concello, á Intervención municipal e á Policía local, para o seu debido coñecemento

Cuarto.- Poñer, así mesmo, esta resolución en coñecemento das instancias ou organismos seguintes:

- O interesado ou familiares.

-Do Instituto Nacional de Estatística da Administración xeral do Estado.

-Da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.

-Do Instituto Galego de Estatística da Xunta de Galicia.


-Da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda.

-Da Delegación do Goberno en Galicia.

Xúntase un informe xustificativo da proposta presentada.

RÚA TRAVESÍA JOAQUÍN SOROLLA NO LUGAR DA TELVA (ALMEIRAS)

Denominada no informe da Policía Local de 19-1-2021 como 1ª rúa perpendicular a Joaquín Sorolla.



RÚA REGO DE CAMPOS NO LUGAR DE TOROÑO (CULLEREDO)

Denominada no informe da Policía Local de 19-1-2021 como 1ª rúa perpendicular á Rúa Picoto, en Toroño.



Iniciada a queda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae hoxe ao pleno municipal para a súa aprobación, se procede, unha proposta relativa a nomeamento de rúas en diferentes parroquias do municipio e di que, vistos os antecedentes e consideracións legais, propónse ao pleno da corporación a adopción dos acordos que figuran na proposta.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vaise abster neste punto da orde do día porque, independentemente de que non teñen impedimento para o nomeamento das rúas, ao seu grupo a proposta parécelles insuficiente porque, como vén sendo habitual no equipo de goberno, fanse as cousas a toque de campá e no último momento sen preguntar que lle parece á oposición e pregunta se non sería bo facer un planeamento do nomeamento das rúas e se non sería bo, por exemplo, cumprir coa Lei de memoria histórica do 31 de outubro de 2007, que foi aprobada precisamente co obxectivo de establecer medidas a favor de quen padeceron a persecución e a violencia durante a guerra civil e a ditadura, se non sería bo cumprir os acordos plenarios que se adoptaron no Concello de Culleredo noutras lexislaturas e eliminar do Concello os vestixios franquistas como o nome da rúa Sanjurjo de Carricarte, adicada ao procurador das cortes franquistas e alcalde da Coruña nos anos 63-65, se non sería bo eliminar simboloxías franquistas que aínda están nalgunhas rúas de Culleredo e se non sería bo poñer en valor aos veciños e veciñas do Concello de Culleredo e facer propostas consensuadas e unificadas neste caso sobre as rúas; que por todo o exposto o seu grupo non pode votar a favor e vaise abster.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que comparte case na totalidade o exposto pola Sra. Pérez Mosquera e que lle vai encargar ao departamento de Cultura e ao historiador municipal que analice, se non o

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

ten feito xa, todas esas rúas que constitúen vestixios da época franquista para proceder o máis inmediatamente posible á súa retirada.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que a proposta que se presenta, na que se propón a denominación de dúas rúas, quedou un pouco escasa e que lle sorprende que todavía non se impuxera a algunha das principais avenidas municipais o nome do anterior alcalde, don Julio Sacristán de Diego que, aínda sendo adversario político, hai que recoñecerlle a dedicación que durante case corenta anos tivo ao Concello e consideran que é xusto recoñecerllo dalgunha maneira polo que o seu grupo propónlle ao equipo de goberno que cando se traia unha proposta destas características se cambie tamén o nome dunha das principais avenidas do Concello e se lle poña o nome de alcalde Julio Sacristán.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que comparte totalmente a exposición de motivos feita pola Sra. García Gorostizu e lle indica que por parte do equipo de goberno, e xa polas sinerxias que teñen co ex-alcalde Julio Sacristán, en reiteradas ocasións pensaron en adicarlle o nome dunha rúa ao dito alcalde e a calquera outro da época da democracia que puidera ter quedado sen nome; que poñerlle nome a unha rúa tamén require un pouco de prudencia porque ten a súa complexidade pois ten consecuencias para os veciños que se vén obrigados a cambiar todos os datos; que adianta que o equipo de goberno ten unha proposta, coincidindo cos datos que a Sra. García Gorostizu referiu, relativa a que considera que a avenida de Rutis sería a ideal para darlle o nome de alcalde Julio Sacristán de Diego porque non afectaría demasiado aos veciños no sentido de ter que cambiar todos os datos (en Facenda, Seguridade Social, e un largo etcétera) porque é a que menos afeccións ten, e por iso consideran que tratándose dunha avenida sería a que mellor podería encaixar, sen perxuízo de que no rueiro municipal hai moitas rúas ás que se lle podería poñer ese nome e, tal como dixo a concelleira do grupo político do BNG, tratando de eliminar vestixios franquistas, a propia rúa Sanjurjo de Carricarte tampouco sería unha mala ubicación para poñerlle o nome de alcalde Julio Sacristán porque este alcalde pasou gran parte da súa vida no Burgo que é onde se atopa dita rúa.

C.I.F. P-1503100-H

(neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro don Gonzalo Méndez Mosquera)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da señora concelleira delegada de Cultura, de data 11 de febreiro de 2021.

De seguido intervén o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana e di que el tamén tiña solicitado a palabra.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e pide disculpas ao Sr. Mourelle Botana por non terse dado conta da súa petición e lle concede o uso da palabra.

A continuación o Sr. Mourelle Botana, facendo uso da palabra concedida, di que o seu grupo opina máis ou menos o mesmo que o que dixo a concelleira do grupo político do Bloque Nacionalista Galego e que se van abster nesta proposta pois consideran que hai que ter en consideración a opinión da veciñanza.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da señora concelleira delegada de Cultura, de data 11 de febreiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira de Cultura de data 11 de febreiro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.- PROPOSTA SOBRE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DON ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2019.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data doce de febreiro de dous mil vinte e un, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración electrónica, Urbanismo, Participación cidadá, Educación e Medio rural, na sesión extraordinaria de data dezaioito de febreiro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“Con data 28 de decembro de 2020 tivo entrada no rexistro telemático un escrito mediante o que Don Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Político Municipal BNG (Rexistro Xeral de Entrada número 2020/11069), interpón Recurso de Reposición contra o acto de aprobación da Conta Xeral 2019 no Pleno de 26 de Novembro e no que solicita que se anule o acto e se proceda con unha nova exposición pública que cumpra cos preceptos da Lei de Transparencia.

Consta informe emitido en data 19 de xaneiro de 2021 pola interventora, en relación ao recurso de reposición á Conta Xeral 2019 presentado por Don Enrique Antón Chouciño Garrido (código de documento UIT15I000K).

“INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN A LA CUENTA GENERAL 2019 PRESENTADO POR ENRIQUE ANTÓN CHOUCIÑO GARRIDO

De acordo con lo establecido en el artículo 208 y siguientes del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el texto refundido de la ley reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), esta Intervención ha formado la Cuenta General del Ayuntamiento de Culleredo correspondiente al ejercicio económico de 2019, que ha de ser rendida por el Sr. Presidente e informada por la Comisión Especial de Cuentas. Dicho Estado financiero pone de manifiesto la gestión realizada en los aspectos económico, financiero, patrimonial y presupuestario.

En cuanto a la tramitación que ha de seguir la Cuenta General, está regulada en los artículos 212 y 223.2 del TRLHL, debiéndose realizar las siguientes actuaciones:

- a) Informe de la Comisión Especial de Cuentas
- b) Exposición de la Cuenta General al público por plazo de 15 días, durante los cuales y ocho más los interesados podrán presentar reclamaciones, reparos u observaciones.
- c) Nuevo informe la Comisión informativa, en caso de que se hubieran presentado reclamaciones.
- d) Someter la Cuenta General, acompañada de los informes de la Comisión Especial de Cuentas a la aprobación del Pleno para que, en su caso, pueda ser aprobada antes del 1 de octubre.
- e) Rendir al Consello de Contas la Cuenta General debidamente aprobada.
- f) En la tramitación de la cuenta general se ha dado cumplimiento a los anteriores trámites.

Por lo que se refiere a la exposición al público en el expediente (UIT/2020/25) consta anuncio en el BOP nº 153 de fecha 16/09/2020 en los términos regulados en el anterior artículo.

Asimismo, a través de la página web del concello, se puede acceder al portal de transparencia regulado en el artículo 10 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información y buen gobierno, y desde él acceder a las cuentas rendidas. El concello estaría así, regularmente, dando cumplimiento a la previsión del artículo 8.1 e) de la citada ley.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

No obstante es cierto que el artículo 7 de la Ley 19/2013, apartado e), considera información de relevancia jurídica que será publicada en las correspondientes sedes electrónicas o páginas web, los documentos que, conforme a la legislación sectorial vigente, deban ser sometidos a un período de información pública durante su tramitación. Entiendo que puede proceder, por tanto, la publicación de la cuenta general durante el período de exposición pública en la página web o sede electrónica del concello, y alternativamente puede solicitarse el acceso a la misma a través de los trámites previstos en los artículos 17 y siguientes de la misma norma, todo ello sin perjuicio de que la publicidad dada diera cumplimiento a lo previsto en el artículo 212 del TRLHL y de que la cuenta efectivamente estuvo disponible en esta intervención para todo aquél que quisiera acceder a la misma de cualquier modo que le fuera solicitado.

Entiendo que no procede, por tanto, el recurso de reposición, sin perjuicio de informe jurídico mejor fundado al respecto, aunque sí sería correcto, en aras de una mayor transparencia, la publicación de las sucesivas exposiciones de las cuentas en la página web o sede electrónica del concello.”

En base as consideracións e fundamentos xurídicos que constan no informe citado anteriormente,

PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Desestimar o recurso de reposición interposto por Don Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do Grupo Político Municipal BNG (Rexistro Xeral de Entrada número 2020/11069, de data 28 de decembro de 2020), contra o acto de aprobación da Conta Xeral 2019 no Pleno de 26 de Novembro de 2020.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que tal como consta no informe da interventora municipal, na tramitación da conta xeral cumpriuse co previsto na regulación específica prevista ao efecto, concretamente nos artigos 212 e 223.2 do Texto refundido da lei de facendas locais; que o anuncio de exposición ao público do expediente foi publicado no Boletín oficial da provincia nos termos regulados en dita normativa e a través da páxina web do Concello pódese acceder ao portal de transparencia e desde o mesmo acceder ás contas rendidas, dando así cumprimento ao disposto no artigo 8.1. da Lei de transparencia ao que o Sr. Chouciño se refire no seu recurso; que con respecto ao artigo 7 o equipo de goberno entende, ao igual que a señora interventora municipal, que a publicidade que se deu cumpre co disposto no artigo 212 do Texto refundido da lei de facendas locais, que é a lexislación sectorial vixente neste momento, e que a conta estivo dispoñible na Intervención para todo o que quixera acceder á mesma durante o período de exposición pública, non obstaculizando nin impedindo o dereito de ningunha persoa a dita información.

Di a Sra. Iglesias Becerra que por todo iso, a xuízo do equipo de goberno, tras analizar os informes técnicos existentes, non se omitiu o procedemento de información pública, polo que propón a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acto de aprobación da conta xeral 2019 no pleno de 26 de novembro de 2020.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que antes de empezar quere informar de que lle están chegando avisos de que o sonido é realmente malo e que non se pode seguir polo que roga que se lle encargue a algún funcionario que determine se son cuestións puntuais ou non; que respecto do punto da orde do día, di que o equipo de goberno pretende rexeitar o recurso do BNG que se presentou porque o orzamento, a pesar de telo pedido ao Sr. alcalde, non se expuso na páxina web e, estando como se está en pandemia, esa era a forma máis lóxica, unha forma sinxela sen custe ningún, porque os documentos que teñen que ser sometidos a información pública teñen que expoñerse por imperativo legal e o equipo de goberno non quixo facelo e dicían que era suficiente expolas nas oficinas municipais

7 de 46

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

nas que hai que pedir cita previa e levaron sorpresa cando se enteraron de que non era só obriga por estar nunha pandemia senón que a propia Lei de transparencia xa di que hai que expoñer os documentos sometidos a exposición pública na web municipal e tamén a interventora, no seu informe, recolle dita obriga dicindo o seguinte:

“(…/…)a través de la página web del concello, se puede acceder al portal de transparencia regulado en el artículo 10 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información y buen gobierno, y desde él acceder a las cuentas rendidas. (…/…)”, e di o Sr. Chouciño que as contas rendidas non son a que está en tramitación, *(neste momento desconéctase da sesión o Sr. concelleiro don Alfonso Rico Vereá)* que é sobre a que se está falando e engade que, con respecto á Lei de Transparencia, a señora interventora, no mesmo informe, tamén di o seguinte:

“(…/…) es cierto que el artículo 7 de la Ley 19/2013, apartado e), considera infomación de relevancia jurídica que será publicada en las correspondientes sedes electrónicas o páginas web, los documentos que, conforme a la legislación sectorial vigente, deban ser sometidos a un período de información pública durante su tramitación.(…/…)”, e di tamén que “(…/…) puede proceder, por tanto, la publicación de la cuenta general durante el período de exposición pública en la página web o sede electrónica del concello, y alternativamente puede solicitarse el acceso a la misma a través de los trámites previstos en los artículos 17 y siguientes de la misma norma (…/…)”, concluíndo que “(…/…) sí sería correcto, en aras de una mayor transparencia, la publicación de las sucesivas exposiciones de las cuentas en la página web o sede electrónica del concello.”

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que os feitos son que o equipo de goberno vén de publicar, por primeira vez na sede electrónica municipal, o orzamento do exercicio 2021, corrixindo a súa actitude anterior, o que lle parece ben ao grupo político do BNG, aínda que pensa que o mellor sería que non fixera falta todo isto; que houbo un grupo de veciños que fixeron reclamacións nos últimos documentos sometidos por Lei a exposición pública, mesmo chegando á Valedora do Pobo quen tivo que reclamar por dúas veces o expediente, e di que non debería ser necesario tanto esforzo para esixir os dereitos fundamentais; que o seu grupo pensa que non hai motivos para desestimar o seu recurso e por iso votarán en contra de desestimar a proposta.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, baseándose no informe da interventora no que desestima o recurso presentado polo voceiro do BNG, considera que aínda que si podería terse colgado a conta xeral na web do Concello, o documento foi público pois expúxose no ROM e estivo a disposición no Concello; que desde o PP sempre defenderán os criterios de Secretaría e Intervención mentres non exista argumentación xurídica que vaia en contra polo que o seu grupo votará a favor da desestimación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 12 de febreiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

(neste momento conéctase á sesión o Sr. concelleiro don Alfonso Rico Vereá)

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres/as: Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 12 de febreiro de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O DÍA 8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da declaración institucional dos catro grupos políticos que conforman a Corporación de Culleredo, de data vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación o Sr. alcalde solicita á señora Secretaria municipal que proceda coa lectura da declaración.

A Secretaria municipal procede á lectura da declaración institucional de data 25 de febreiro de 2021, relativa ao día 8 de marzo, día das mulleres que, transcrita literalmente, di:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL , 8 DE MARZO, DÍA DAS MULLERES

Exposición de motivos:

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga porque a pesares dos avances que se produciron nos últimos anos se algo demostrou a crise sanitaria sen precedentes que estamos a vivir é a importancia da nosa forza para soste o presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, e temos a obriga de continuar coas actuacións políticas que centren os seus obxectivos na consecución de maiores cotas de igualdade e que repercutan claramente na mellora da nosa posición en todos os ámbitos.

A pandemia fixo visible o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visibles no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións e a carencia dun sistema público de servizos básicos forte.

A crise da Covid-19 deixou en Galicia unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial continúa a superar o 20% e ten tamén o seu impacto na fenda das pensións. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres.

Hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

Nesta liña afonda a “Resolución del Parlamento Europeo, de 21 de xaneiro de 2021, sobre la estratexia de la Unión para la igualdade de xénero” na que se recolle que o 80 % das persoas coidadoras asistenciais na Unión o son como coidadores informais, na súa maioría mulleres (75 %), o que repercute gravemente na fenda de xénero en materia de pensións. Entre o 7 % e o 21 % dos coidadores informais reducen as súas horas de traballo e entre o 3 %

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

e o 18 % acaban abandonando o mercado laboral. A fenda salarial de xénero na Unión é do 16 %, incrementándose ata o 40 % cando se teñen en conta as taxas de emprego e a participación xeral no mercado laboral, que inevitablemente isto repercute nas pensións onde a fenda é do 37 %. Do mesmo eito a participación no traballo a tempo parcial é moi desigual (o 8 % dos homes fronte ao 31 % das mulleres), o que revela unhas desigualdades persistentes cuxas causas de fondo deben de ser abordadas.

Igualmente considera que a trata de seres humanos é un sector en crecemento da delincuencia organizada, unha forma de escravitude e unha violación dos dereitos humanos, e que afecta principalmente as mulleres e as nenas e nenos (95 %), en especial con fins de explotación sexual; que o mercado da prostitución fomenta a trata de mulleres e menores e agrava a violencia que sofren, polo que compre deseñar políticas sociais e económicas de maneira que axuden ás mulleres e nenas vulnerables a abandonar o sistema prostitucional, tamén mediante a introdución de políticas sociais e económicas específicas deseñadas para axudalas.

Tamén fai referencia ás mulleres das zonas rurais, xa que afrontan numerosas dificultades, por exemplo, unhas condicións de vida peores, menos oportunidades de emprego e máis restrinxidas, maior illamento e dificultades de acceso ás infraestruturas rurais, ós servizos públicos e á educación, e á atención sanitaria, e que están infrarrepresentadas nos foros de toma de decisións, así como falta de visibilidade no desempeño do traballo nas explotacións, da lugar á falta de recoñecemento do seu traballo e aporte á vida económica e social das vilas e aldeas.

Dende o Concello de Culleredo, no marco das nosas competencia, en colaboración coa Deputación da Coruña, estase a traballar de xeito coordinado en medidas concretas e coordinadas dirixidas a acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. As accións das campaña “moito por cambiar” pretenden unha maior especialización dos profesionais e a participación dos colectivos máis vulnerables na concienciación e loita contra a violencia de xénero, poñendo como meta a igualdade de xénero. A maiores, incídese de xeito constante, en actuacións dentro do eido soiocultural que reflectan nunha maior visibilización das mulleres.

Queda moito que mellorar. Por eso, dende o Concello de Culleredo, neste Día Internacional da Muller, queremos sensibilizar e mobilizar a todos e todas a cidadanas e cidadáns na loita contra a violencia machista e no empoderamento das mulleres, comprometéndonos cunha sociedade máis xusta, que nos permita por fin ás brechas na igualdade de xénero, eliminando calquer obstáculo que lle impida ás mulleres acceder, en igualdade de condicións que aos homes, a oportunidades e recursos.

Por todo o exposto o Pleno do Concello de Culleredo:

Acorda

- 1.) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego que neste 2021 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19.
- 2.) Participar activamente na Rede de Concellos pola Igualdade dentro do marco da estratexia “Compartimos Plan” da Deputación da Coruña, tal e como se fixo dende o inicio, a fin de rentabilizar recursos e potenciar resultados, coa colaboración e a coordinación de todos os concellos da provincia para erixirse nunha soa voz a prol da igualdade entre homes e mulleres.
- 3.) Reafirmar o noso compromiso en poñer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nun lugar central dentro da política pública (económico, social, laboral etc.) de modo que a perspectiva de xénero se incorpore a todos os niveis e en todas as etapas, creando as condicións necesarias que permitan dinamizar as políticas de igualdade.”

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

De seguido intervén o Sr. alcalde e di que lle indican desde o departamento de Informática que o sinal do sonido efectivamente é débil pero que a grabación do video vai contar con todas as garantías dun son de calidade e que se escoita baixo pero lle ratifican que se escoita.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a declaración institucional transcrita, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación a declaración institucional devén en acordo nos termos transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA A INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO ROM EN RELACIÓN CO SISTEMA DE VIDEOACTA PARA OS ÓRGANOS COLEXIADOS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción modificada que, transcrita, di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para establecer no ROM a videoacta e a publicidade telemática das reunións de órganos colexiados públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No anterior Pleno de data 18 de xaneiro de 2021, no punto 3 *...proposición da Alcaldía sobre celebración de sesións dos órganos colexiados do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Xunta de Voceiros por medios telemáticos.*, foi aprobada a proposta que establecía *“Como medida extraordinaria nunha situación de excepcionalidade, mentres dure a situación de Estado de alarma declarada polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro e as súas prórrogas, establecer a posibilidade de que as sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións informativas e Xuntas de Voceiros se celebren de xeito telemático.”*

Desde o BNG apoiamos ese proposta e na nosa intervención nese punto xa avanzamos da necesidade de que a chegada de novos medios era benvida para mellorar a produtividade dos funcionarios e a transparencia. A primeira porque é desexable un sistema de videoacta que exima aos funcionarios do labor de transcripción de longas sesións, e a segunda por que a transmisións de Plenos non debe ser unha situación excepcional senón permanente que tivo que chegar para quedar e proporcionar aos cidadáns a posibilidade de seguir a vida municipal sen necesidade de acudir persoalmente á sé municipal en horas que non son asequibles para a maioría.

A regulación ao respecto está dispersa en varias Leis e mesmo ten sido sometida a avaliación pola xurisprudencia e a doutrina xurídica. Faise por tanto necesario incorporar ao Regulamento Orgánico Municipal a compilación dun articulado que facilite a comprensión e estableza as formas en que a videoacta e a transmisión obrigatoria se leven a cabo.

O propio alcalde amosouse naquel momento a favor das achegas do BNG.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se incoe expediente de modificación do ROM ou as Ordenanzas municipais necesarias, para:

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

- a. Dar plena validez ao sistema de videoacta como testemuña das deliberacións de órganos colexiados.
 - b. A obrigatoriedade de emisión por medios telemáticos accesibles á veciñanza, das reunións de órganos colexiados que sexan públicas, como medio para a transparencia e obriga do carácter público.
2. Que se pidan todos os informes técnicos necesarios para sometelo a dictame na comisión que corresponda.”

A continuación, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que se o sistema de videoacta exime aos funcionarios da labor de transcripción de longas sesións benvido sexa; que o seu grupo está a favor da transparencia e polo tanto da transmisión dos plenos en directo xa que o señor alcalde, coa súa maioría, ao comezo desta lexislatura municipal, o que fixo foi dificultar a presenza e participación dos cidadáns nos plenos municipais poñendo ditos plenos ás 13.30 horas, crendo desde o seu punto de vista que as sesións ás 13.30 horas a quenes perxudican é aos cidadáns e non aos concelleiros da oposición, aproveitando para recordar que os plenos municipais son o órgano de máxima representación dos cidadáns no goberno municipal; que o 18 de xaneiro de 2021 o Sr. alcalde propuxo neste pleno a celebración dos órganos colexiados de forma telemática namentres dure o estado de alarma, que foi aprobado cos votos do equipo de goberno e do Bloque Nacionalista Galego e coa abstención do Partido Popular e co voto en contra do grupo Alternativa dos Veciños de Culleredo; que o seu grupo está a favor de todos os avances tecnolóxicos e de cumprir con todas as medidas sanitarias ante esta pandemia pero lembra que desde o venres 26 de febreiro de 2021 Galicia comezou cunha desescalada na que está permitido, por exemplo, a apertura da hostelería ao 50% nas terrazas e poderán sentarse ata catro non convivintes en ditas terrazas, ás que seguramente os membros da Corporación acudirán como calquera cidadán deste Concello e desta rexión, a primeira hora, ou a media mañá ou a calquera hora a calquera cafetería, como por exemplo a que pode haber fronte ao Concello, para tomar o almorzo e así colaborar co sector da hostelería, un dos sectores máis criminalizados nesta pandemia e que a Corporación de Culleredo ten problemas para reunirse e celebrar os plenos municipais, as comisións informativas, xuntas de voceiros, etc., presencialmente, cando a día de hoxe non hai ningunha prohibición nin desde o goberno autonómico nin desde o goberno de España para a celebración de reunións de traballo; que de feito estánse esixindo unha serie de medidas como espazos ventilados ao igual que os alumnos de Galicia teñen que asistir ás súas clases presenciais con espazos ventilados, ou como os autónomos do Concello ou traballadores en réxime xeral que día a día están intentando traballar e quitar cara adiante a economía do país, con todas as precaucións hixiénico-sanitarias pero asistindo aos seus traballos de forma presencial na maioría dos casos; que os concelleiros de Culleredo deberían ser os primeiros en dar exemplo, iso si, coas debidas medidas de protección, ao igual que teñen que facer os autónomos e traballadores de réxime xeral, en definitiva, e cumprir coas súas obrigas presenciais, e di que a corporación de Culleredo é distinta e fai os plenos telemáticos; que a proposta do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego é a vía telemática e desde Alternativa dos Veciños mentras as normas dos gobernos central e autonómico permitan as reunións de traballo presenciais o seu grupo avogará polas reunións dos órganos colexiados presenciais, seguindo sempre as normas sanitarias establecidas, considerando que os plenos telemáticos deben ser unha opción para o caso de confinamento absoluto como sucedeu no mes de marzo de 2020.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que lle corresponde á secretaria municipal considerar a validez ou non do sistema de videoacta; que non lle entendeu ao Sr. Chouciño Garrido, cando procedeu á lectura da moción que presenta o seu grupo, se o punto 2 queda retirado e que o grupo político popular pensa que é mellor a participación presencial e acudir ás sesións dos plenos e demais órganos colexiados presencialmente; que o seu grupo pensa que o punto 3 xa se cumpre e quere remarcar que o feito de que os plenos sexan públicos e se evitan a través de youtube ou da web por medios telemáticos, hai moitas queixas sobre o son e que custa moito poder seguir o pleno, solitando da Alcaldía que se mellore o sistema de audición da sala.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o grupo socialista está de acordo coa esencia da moción que se presenta neste punto pero para podela apoiar débese retirar o punto número 1.b da mesma pois a señora Secretaria municipal xa explicou que posiblemente non exista a posibilidade ou a legalidade da petición que se recolle polo que, se se modifica o contido da moción retirando dito punto 1.b, o grupo de goberno apoiaría a moción.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que el entendeu que efectivamente o Sr. Chouciño Garrido retiraba ese punto e lle dá a palabra para que o volva a explicar e quede claro para todos os que non o entenderan.

Seguidamente fai uso da palabra concedida o Sr. Chouciño Garrido e di que sinte a confusión e para aclarar a todo o mundo este misterio di que a proposta ten dous puntos, sendo o primeiro que se incoe expediente de modificación do ROM ou as ordenanzas municipais necesarias para tres subpuntos a), b) e c) e o segundo punto que se pidan todos os informes técnicos para sometelo a ditame da comisión que corresponda.

Di o Sr. Chouciño Garrido que, sobre o punto 1, que conta cos subapartados a), b) e c) di que o apartado b) o que pretendía era establecer a posibilidade de participación telemática dos membros da corporación en determinadas situacións máis alá das situacións catastróficas que recolle a Lei debidamente xustificadas, e pon como exemplo que, se remata pronto a pandemia, unha persoa, como ten pasado en moitas institucións como no Congreso ou no Senado, que por motivos de enfermidade ou porque foi sometido a unha operación, ou por calquera motivo grave xustificado, non puidera acudir presencialmente, puidera intervir de forma telemática, pero xa a secretaria municipal explicou na xunta de voceiros que ese punto había que retiralo porque non está permitido pola lei, o que lles resultou paradóxico pois no Congreso si e nos concellos non pero non é algo que el vaia discutir no pleno e accedeu xa na xunta de voceiros a retiralo, polo que o apartado b) do punto primeiro retirase.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que é correcto o que explicou o Sr. Chouciño Garrido e que xa tiña anunciado a retirada do apartado b) referido e que, en calquera caso, se a Lei regulara algúns destes aspectos o ROM poderíase adaptar a esa situación.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que, con respecto ao que comentou a voceira do grupo político popular sobre a validez da videoacta considera que quedou ben aclarado no punto 2 que di que se pedirán todos os informes técnicos necesarios como calquera outra proposta e que o citan desta forma porque non lles corresponde a eles facer un fundamento xurídico; que, por último, lle di ao Sr. Mourelle Botana que o BNG tamén está porque se celebren os plenos presenciais cando se poida pero ben é certo que era necesario establecer un sistema que posibilitara en momentos necesarios un sistema de videochat que permitira celebrar os encontros dos órganos colexiados a través deste sistema e que, se neste momento non é necesario, que quede xa aprobado e se poña a andar para cando se poidan dar eses momentos.

A continuación a Presidencia di que desde o departamento de informática se está a iniciar o expediente para a contratación dun sistema que permita emitir todos os plenos en directo e estudar que sistema de videoacta é o máis axeitado para cumprir con todos os obxectivos e que se fará desde o departamento de informática pero sempre coa avaliación da secretaria municipal que é quen ten que validar o sistema e dicir que cumpre con todos os requisitos que debe cumprir un órgano colexiado destas características; que comparten as palabras do Sr. Chouciño Garrido e que ao sr. alcalde tamén lle gustan máis os plenos presenciais e que leva ao lombo máis de 165 videoconferencias perdéndose a calor que proporciona poder estar con todos os membros da Corporación no salón de plenos pero había que poñelo en proba e ver se é mellor ou hai que facer algunha modificación ao respecto.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG modificada obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres/as: Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Abstencións: tres (3), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do grupo político do BNG polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG EN RELACIÓN CON RESTAURACIÓN DO HUMEDAL DO RECINTO DEPORTIVO E REPOÑER ARBORADO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo,

EXPÓN:

No recinto deportivo de Acea de Ama, pertencente á Xunta de Galiza, Secretaría Xeral para o Deporte, existe un humedal que conta con grao de protección “ambiental” no Plan Especial da Laboral polo seu “alto valor ecolóxico”.

As obras que nos últimos meses fixo a empresa EMALCSA na contorna, afectaron ao humedal ao pasar a carón maquinaria pesada, desbrozar toda a parte que vai do humedal ate o valado de peche diante da Avda de Rutis e porque a herba da pampa foi desbrozada sen seguir as indicacións que mesmo se teñen divulgado pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas-Terras do Mandeo ou as Ordenanzas Municipais.

Nas últimas fortes choivas de hai poucas semanas, avisaron veciños dunha escorrentía pola porta lateral que hai alí perto, con arrastre da terra que quedou sen cuberta vexetal, provocando que a rúa estivera chea de lama.

Existe tamén outro humedal, máis pequeno, na parte traseira das piscinas e que queda tamén a carón da zona pola que transcorre o acueducto de EMALCSA e do que descoñecemos afectación por non ser visible desde o exterior.

Un grupo de veciños e veciñas, procedeu hai pouco tempo, no marco do proxecto Ríos con Vida, a limpar aquela contorna da plásticos, neumáticos, latas etc..., asesorados por unha persoa especialista en humedais. Esta actividade permitiu coñecer mellor o patrimonio natural que representa ese humedal. Tamén se observou, que o eucalipto que bota raíces no regato que nutre de auga ao humedal e que nace no alto do recinto, ao final do circuíto de bicicros, está drenando auga que nas épocas secas non chega ao final do seu percorrido levando á seca do humedal durante varios meses de forma que mengua a flora e fauna que existe alí.. Ese eucalipto é considerado no Plan especial da Universidade Laboral como de valores estéticos e ecolóxicos baixos e moi baixos, pero de valores funcionais alto.

Isto ven dicirnos que é posible substituír eses eucaliptos sen facer unha afectación ecolóxica nin estética e de forma progresiva, empezando polos eucaliptos máis novos que son os que principalmente drenan auga polo seu rápido crecemento, pasar a terse un cauce máis saneado con aporte de auga ao humedal mesmo en tempo de primavera e parte do verán; de forma que se conservaría a funcionalidade que ten actualmente esa masa forestal.

Estracto do:

Estudo de Sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Plan Especial ámbito Universidade Laboral O Burgo.

Por outra banda, o recinto deportivo ten sido obxecto de eliminación de árbores en sucesivas tandas nos últimos anos sen que se procedera a súa reposición.

Non só no recinto deportivo senón tamén, no último episodio de eliminación de árbores, hai uns meses no recinto educativo, na zona nordeste onde segundo o documento do Plan especial da Universidade Laboral:

“ zona A: Masa arbórea situada en colindancia coa Avenida de Rutis ao nordeste do ámbito, formadas maioritariamente por piñeiro de Monterrey, presentando un valor funcional alto, en tanto e canto minimiza os impactos exteriores, con valor ecolóxico baixo e un valor estético medio”.

Cabería pois, unha restitución da masa forestal con outras especies que evitaran os perigos de caída que tiñan as árbores que alí había máis próximas á Avenida de Rutis, e que á súa vez deran continuidade ao valor funcional que que menciona o Plan, e incrementaran o seu valor ecolóxico e estético.

Polo tanto PROPOÑEMOS:

1. Reclamar da Xunta de Galiza, Secretaría Xeral para o Deporte e Consellería de Educación, segundo corresponda:

- a. que se proceda coa restitución do humedal do recinto deportivo de Acea de Ama.
- b. Que se revise o estado do humedal que hai tras as piscinas para comprobar se lle afectaron as obras de EMALCSA, e se fora o caso se proceda á súa restitución ambiental.
- c. Que se proceda a repoñer arborado en número idéntico ao que nos últimos anos foi suprimido por talas, derribos e outras accións para o que se utilizarán as especies que se determinen máis acaídas.
- d. Que se elabore e execute un plan de substitución dos eucaliptos da canle que alimenta o humedal, por outras especies que non consuman tanta auga e incremente o valor ecolóxico e estético e manteñan ou mesmo aumenten o valor funcional desa masa forestal.

2. Que se reclame a EMALCSA a restitución do humedal e a súa contorna polas afectacións producidas.

3. Que se remita este acordo a:

- a. Consellería de Educación.
- b. Secretaría Xeral para o Deporte.
- c. Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA).”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede coa lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar, no ano 2017 Emalcsa comunicou que era necesario facer unha reparación nunha condución da auga do Concello e que había que cambiar a canalización; que a Xunta non dá ningún permiso a Emalcsa e que este organismo só comunica que vai entrar a facer dita reparación porque, ao estar relacionada co subministro de auga, é un ben público, non se poden negar, polo que o seu grupo cre que reclamarlle á Xunta a restitución do humedal non procede; que a Xunta e a Fundación, que é a titular da xestión, non teñen nada que ver coa obra pois esta é do Concello, que ten que informar á Fundación da reparación; que, en segundo lugar, a obra de Emalcsa ten o visto e prace do Seprona sobre o que supón que a voceira do grupo socialista poderá dar máis datos pois o informe do Seprona deberá de telo o Concello; que polo que ela puido saber, no dito informe confirman que o humedal reparouse e non se detecta ningún problema, comunicando ademáis que se fixo máis obra da necesaria habilitando tamén un orto; que, en terceiro lugar, a fundación ten unha concesionaria que se encarga do mantemento e todas as actuacións que realizan comunicanse ao Concello, habendo caídas de árbores e indicándose polos técnicos os que teñen que ser eliminados porque corren perigo de caída, motivo este polo que se están talando e

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

repoñendo, según lle dixeron a ela, coa colaboración do Concello; que por todo o exposto, o seu grupo non está a favor da moción que presenta o BNG.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está de acordo co que o grupo político do BNG propón na moción que presenta neste punto da orde do día pero, non obstante, non están de acordo co punto número 2 porque, ademais de supoñer unha repetición do recollido no apartado b) do primeiro punto, consideran que supón unha acusación infundada polo que, se o grupo propoñente da moción accede a súa retirada, o grupo socialista podería apoiar dita moción.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non entende o que dixo a Sra. García Gorostizu sobre que Emalcsa ten o visto e prace do Seprona porque o Seprona non é un organismo xudicial e as autorizacións e vistos e praces as dan outros organismos como Augas de Galicia, o propietario do terreo que é a propia Consellería de Educación e a Secretaría Xeral para o Deporte e todos aqueles que teñen que informar unha obra antes de obter a licenza municipal.

A continuación intervén a Sra. García Gorostizu e di que o Sr. alcalde-presidente pode dicir se existe un informe de Seprona sobre este tema porque o ten que ter o Concello.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido pregunta se pode continuar coa súa intervención, respondendo afirmativamente o Sr. alcalde-presidente.

Di o Sr. Chouciño Garrido que a Sra. García Gorostizu dixo tamén que co mantemento do entorno fanse reposicións de árbores e el di que pode enviar un listado de todas as árbores que alí foron cortadas e que non se repuxeron e di que non sabe se ao equipo de goberno se dirixen os veciños porque ao seu grupo si se dirixen e din que é lamentable ver a masa forestal que había dentro dese recinto e a que hai a día de hoxe porque se efectivamente se cortaron porque supoñían un perigo haberá que repoñelos dalgunha forma como xa se expón na moción e que xa citan non só o que pide o BNG senón tamén do que se recolle no plan especial do ámbito da Universidade Laboral do Burgo, incluído no Urbanismo de Culleredo; que, respecto da intervención da voceira socialista, na que dixo que o BNG está a facer unha acusación, di o Sr. Chouciño Garrido que o seu grupo pouca acusación pode facer porque esta obra carecía de licenza e estivo parada moitísimo tempo por ese motivo e carecía de licenza porque non contaba coas autorizacións previas polo que, se non se pode coñecer o estado anterior, tampouco se pode saber o que pasou a continuación, e por iso acoden ás imaxes que se poden ver vía satélite porque hai unha grande diferenza entre a que figura no 2005 da que figura despois durante as obras do IES, non podendo negarse a evidencia e que non sabe se foi un despiste da construtora, do director de obra ou de quen, e por ese motivo o que pide é que se determine de quen porque o que non pode ser é que uns polos outros a casa sen barrer e se estea deteriorando un ben ambiental protexido e catalogado, motivos polo que pensa que todo o que recolle a súa moción é perfectamente suscribible e que non se acusa a ninguén porque a evidencia está aí, e solicita que se valore porque Emalcsa saberá se efectivamente foi ou non porque a evidencia é que alí se fixo unha obra, e que se fixo sen licenza (*neste momento desconéctase da sesión a concelleira Sra. Ferreiro Varela*) polo que non se pode saber como estaba antes e como quedou despois polo que considera pertinente manter todos e cada un dos puntos que recolle a moción.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que esta é unha obra de carácter supramunicipal e que cando rompe unha tubería de auga non se pode esperar seis meses para dar unha licenza porque xa a propia normativa indica que é un ben necesario e unha obra de carácter supramunicipal que dá servizo de auga non só ao Concello de Culleredo senón a toda a área metropolitana; que o seu grupo solicitou a eliminación do punto que citou a voceira socialista de forma que non se establecera ningunha acusación (*neste momento conéctase á sesión a concelleira Sra. Ferreiro Varela*) para que se revise e despois, se a Xunta é competente nesa materia, xa dirimirá quen é ou non o responsable e se está ou non o humedal na situación que indica o Sr. Chouciño Garrido porque os técnicos da Xunta de Galicia e a propia técnica do Concello de Culleredo poderán determinar se o que di o Sr. Chouciño é o que alí pasou ou o contrario; (*neste momento desconéctase da sesión o concelleiro Sr. Iglesias*)

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Gómez) que, en calquera caso, o equipo de goberno ten claro que se procedeu da forma máis axeitada naquel momento porque se trataba dunha obra de carácter supramunicipal e o Concello non pode deixar sen abastecemento de auga a aproximadamente 180.000 persoas polo que se o grupo político do BNG non quere modificar ningunha coma do que expón loxicamente o voto do grupo político socialista, do equipo de goberno, será desfavorable.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el soamente quere aclarar, porque parece que se pon en dúbida, que a obra que el indica foi máis aló dun simple mantemento ou reparación dunha fuga e que non se trataba de poñer en risco o subministro de auga á comarca senón que o que parece é que se estaban a facer as cousas mal e que non se tramitou a licenza nin se fixo unha catalogación previa que se podería ter feito en caso de urxencia e que a propia Emalcsa parecele recordar que nunha nota de prensa indicou que se mostraba sorprendida de que non precisara licenza, considerando que non é algo que non se poida pedir que se reclame a Emalcsa a restitución do humedal e a súa contorna polas afectacións producidas porque xa se verá a súa responsabilidade e ata canto porque entende que hai signos evidentes do crecemento da herba da pampa porque Culleredo forma parte da Reserva da Biosfera e el xa viu ao equipo de goberno acompañar ao Sr. Santiso, alcalde de Abegondo e presidente da Reserva da Biosfera, a cursos e charlas de como retirar a herba da pampa, véndose alí que non se fixo, que non se cortaron os plumachos antes de retiralos por medios mecánicos polo que seguramente se verán repuntar na primavera ou de que a escorrentía chega a rotonda, algo evidente que pode ver calquera, cuestións que non son puramente técnicas e que se poden ver sen necesidade de contar con coñecementos técnicos, sendo diferente determinar as orixes ou o porqué; que non se acusa a ninguén de nada e que se fai unha valoración e unha solicitude que non supón ningún procedemento de apremio senón unha moción que pensa é totalmente asumible por todos

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que non se lle contestou ao que preguntou antes e que a ela lle transmitiron que o Seprona fixo a valoración e que emitiu un informe positivo e lle pregunta ao Sr. alcalde se pode confirmar que hai no expediente un informe do Seprona.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o que a el lle dixeron, sen obviar que se poidan solicitar máis informes para aclarar todas as dúbidas suscitadas, é que o expediente conta con todos os informes necesarios, e anuncia que o seu voto vai ser desfavorable.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que lle parece lamentable que o Sr. alcalde anuncie o seu voto desfavorable porque son propostas de restitucións de espazos ambientais, de restitución de masa arbórea, de rescatar o que sempre foi e debería seguir sendo para o futuro (*neste momento conéctase á sesión o concelleiro Sr. Iglesias Gómez*) o Central Park de Culleredo, o recinto da Laboral, que está mingando porque se está edificando nel, porque se está a retirar masa arbórea e porque se están a facer afeccións aos seus valores naturais sendo unha mágoa que non se proceda a reclamar aos responsables dese recinto e das súas intervencións polo que solicita que o grupo socialista valore o sentido do seu voto.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente di que, aínda que anuncia que o seu voto será desfavorable, o equipo de goberno iniciará unha consulta respecto dos aspectos que o grupo político do BNG recolle na súa moción e da que darán conta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 24 de xaneiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a moción do grupo político do BNG.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE SOLICITUDE A AUGAS DE GALICIA DA REVISIÓN E ANULACIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA UNHA GASOLINEIRA EN LEDOÑO A CARÓN DO RÍO VALIÑAS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data vinte e tres de decembro de dous mil vinte, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

“O Grupo Municipal do BNG achega, para o seu debate plenario e aprobación, se proceder, a seguinte proposta de moción para solicitar de Augas de Galiza a revisión e anulación da autorización para unha gasoleneira en Ledoño a carón do río Valiñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As pasadas semanas iniciouse unha obra en Ledoño a carón do Río Valiñas para a construción dunha gasoleneira.

A día de hoxe penso que todos e todas os que estamos neste Pleno e a xente que nos ve pola pantalla, xa estará ao tanto de que o inicio das obras produciu un desbordamento do río que levou ao asolagamento da parcela. A veciñanza non da crédito a como pode facerse alí unha edificación, e en particular unha gasoleneira que terá os seus depósitos enterrados por debaixo do nivel das augas freáticas.

Cónstanos que conta con licenza municipal emitida na resolucións 1203/2020 o 24/09/2020.

Tamén que tivo autorización previa de Augas de Galiza.

Cónstanos por que o día 30 de novembro de 2018, no BOP da Deputación de A Coruña, publicouse un anuncio correspondente ao Expediente: DH.W15.64398. relativo a “E estación de Servicio CLT Culleredo, S.L., solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras, no polígono 511, parcela 1145, no P.K. 165 da estrada Rumbo a Ledoño,

parroquia de Ledoño (San Pedro), Concello de Culleredo (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico .”

Tamén nos consta que varios veciños e veciñas, así como colectivos ecoloxistas alegaron a esta exposición pública. Tamén o BNG de Culleredo. Non serviu de nada facerlle ver a Augas de Galiza, o organismo que ten que velar pola calidade das augas e a saúde ecolóxica dos ríos, e que tamén reclama a colaboración cidadá; que aquela era unha zona anegable, tanto por enviarlle evidencias de fotos de anos anteriores de asolagamento, como do propio estudo do PXOM de Culleredo en tramitación, que establece que aquela parcela é unha zona de especial protección de augas. Estudo que forma parte da aprobación inicial do PXOM, que foi informado favorablemente por Augas de Galiza e PXOM que foi avaliado ambientalmente pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Non serviron de nada todas as acreditacións veciñais de que esa obra non debería ser autorizada por Augas de Galiza. Unha vez máis, parece que o pobo vai moi por diante na preocupación polo territorio, pola paixase, polos ecosistemas, que as institucións.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

O que non nos consta é que o Goberno Municipal presentara alegacións á tramitación da autorización da Augas de Galiza, dispoñendo como dispón de toda a información da que levamos falado.

Tampouco de que unha vez recibida a petición de licenza, fixera comprobación algunha de como podía terse emitido a Autorización previa da Augas de Galiza.

Aínda máis. O documento da memoria ambiental mencionado antes fai alusión varias veces ao valor ambiental deses espazo:

En canto aos valores naturais, malia que no concello non existe ningún espazo natural protexido, o PXOM recoñece o valor ambiental dos Montes do Xalo, da rfa do Burgo e do sistema fluvial que conforman o río Mero co seu principal afluente, o río Valiñas. (pax 3)

Augas de Galicia (informe do 17.10.2013):

Naqueles ríos que son masa de auga (río Valiñas e río Trabe) non se debe reducir a protección de 100 m, salvo xustificación motivada; nos demais ríos poderase reducir a banda de protección previa xustificación que deberá ser validada por Augas de Galicia.(pax 7)

Ciclo hídrico

Rede fluvial e zonas de protección

Coa finalidade de protexer as marxes e os ecosistemas riparios -con funcións protectoras da calidade das augas e corredores ecolóxicos-, a delimitación do solo rústico de especial protección das augas debe revisarse para incluír bandas de 100 m a cada marxe das canles fluviais situadas fóra do solo urbano e de núcleo rural, en consonancia co indicado no artigo 34.2.c) da LSG.(pax 15) cómpre lembrar que en calquera zona inundable que se detecte serán de aplicación as limitacións aos usos do solo que derívan do Regulamento do dominio público hidráulico e do Plan hidrolóxico vixente (pax 16)

Artigos 9 bis, 9 tér e 14 do Real decreto 849./1986, do 11 de abril (modificado polo Real decreto 638./2016, do 9 de decembro) Artigos 3.t e 32 da normativa do Plan hidrolóxico de Galicia-costa (PHGC), publicada mediante Orde do 29 de xaneiro de 2016 (DOG do 18.02.2016).

11. Coa finalidade de protexer as marxes e os ecosistemas riparios -con funcións protectoras da calidade das augas e corredores ecolóxicos-, a delimitación do solo rústico de especial protección das augas debe revisarse para incluír bandas de 100 m a cada marxe das canles fluviais situadas fóra do solo urbano e de núcleo rural, en consonancia co indicado no artigo U.2.c) da LSG (pax 21)

Sexa como fora, a evidencia veu dar un baño de realidade. Contra o que poidan poñer os papeis administrativos, o río buscou o seu. Se escavas nunha braña, anégase.

Non é a única ameaza sobre o río Valiñas. Ao longo do cauce do mesmo río, téñense producido múltiples episodios de verquidos procedentes doutras gasoleiras na mesma contorna, con varias denuncias que non obtiveron resposta.

Este conxunto de circunstancias;

. A proximidade ao río Valiñas, que desemboca no Río Mero, que a súa vez desemboca na Ría do Burgo, a cal está sendo obxecto dun proceso de dragado e descontaminación que vai ser ben custoso para o erario público, así como os múltiples episodios de peche ao marisqueo da Ría do Burgo por contaminación por hidrocarburos, dos que supoñemos que terá cumprido coñecemento Augas de Galiza.

. Precedentes de múltiples episodios de contaminación do Río Valiñas.

. Precedentes de denuncias que non acaban concluíndo en garantías contra a contaminación do río, máis ben ao contrario, que ao non concluír nada, levan a unha sensación de impunidad contra quen o contamina e o vai pouco a pouco estragando.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Lévanos a propoñer ao pleno da corporación, no exercicio das súas competencias, a seguinte proposta de ACORDO:

1. Que se reclame do organismo Augas de Galiza, a revisión de oficio da autorización para a construción dunha gasoleira na parcela mencionada a carón do río Valiñas, de forma que se anule esa autorización.
2. Que se achegue a Augas de Galiza por parte do Goberno Municipal, toda a documentación do estudo que consta no PXOM en tramitación e aprobado inicialmente en 2013 respecto do estudo da zona e da afección de augas e do "valor ambiental do sistema fluvial que conforman o río Mero co seu principal afluente, o río Valiñas" en palabras da Memoria Ambiental citada arriba, para facer valer a sensatez e a defensa do noso patrimonio natural por enriba de intereses particulares.
3. Que o Concello de Culleredo suspenda a validez da licenza en tanto non se anule por Augas de Galiza a autorización e se poida proceder en consecuencia á anulación da licenza.
4. Que se remita este acordo ao organismo Augas de Galiza e á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada, a excepción do punto número 3 sobre o que di que non o le porque xa foi advertido pola señora secretaria municipal de que non era posible suspender a validez da licenza sen iniciar un procedemento de revisión da licenza, engadindo que, polo tanto, o punto número 4 pasa a ser o número 3.

(Durante a lectura da moción, ás 15.00 horas auséntase da sesión o Sr. concelleiro don Gonzalo Méndez Mosquera e se reincorpora á mesma ás 15.08 horas.)

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está sorprendido pola maneira de facer política do Sr. Chouciño e que coa moción que presenta o que amosa é que non profundizou no tema e que lle pareceu un tema con filón, con repercusión en prensa e en redes sociais, sendo unha mágoa que se traía ao pleno esta proposta e non se tome máis en serio este tema; que o proxecto ten informe favorable de Augas de Galicia, autoridade competente, de AENA, do arquitecto municipal e do Concello, coa conseguinte licenza municipal, pero o BNG alegou e as súas alegacións foron desestimadas porque non tiñan razón nin se preocuparon de ler os informes; que para dar permiso foi necesario elaborar un estudo de inundabilidade e aí queda todo recollido, preguntándolle ao Sr. Chouciño se o seu grupo leu dito informe e engade que se o leron é imposible que agora digan o que din, preguntándolle tamén ao Sr. Chouciño se faláron ou se reuniron co promotor da obra porque se o fixeran tampouco terían traído esta moción ao pleno; que a diferenza entre a forma de facer política entre o grupo político do BNG e o grupo político popular é enorme e este último grupo, cando viu a piscina que se formou na zona, achegouse alí para facer fotos, chamou a Augas de Galicia para que lle informara, falou co Dominio público hidráulico e reuniuse co promotor da obra, conseguindo informes que leron concienzudamente polo que puideron facer unha valoración; polo contrario, o grupo político do BNG viu a piscina e inmediatamente chamou á prensa para que se vira que malos son os da Xunta e os do Concello que dan permisos e se inundan os terreos nada máis comezas as obras.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que vai explicar paso a paso o que pasou nesa zona. Di que, en primeiro lugar, e dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, as obras non comezaron e que están previstas para a primavera, cando o terreo non estea inundado; que se fixo unha proba na época de nivel máis alto do río para confirmar que o nivel queda por baixo da cota da gasoleira, sendo iso o único que se fixo e a proba que volve corroborar que a cota de 33, que é a que se vai utilizar, é a correcta, que evitará inundacións cando a gasoleira estea funcionando; que se o grupo político do BNG se molestara en falar co promotor o sabería pero parece que este grupo prefere o circo mediático; que, en segundo lugar, ninguén negou en ningún momento que a zona fora

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

unha zona anegable, pois ano tras ano ocorre o mesmo e por iso se tivo que facer o estudio de inundabilidade do terreo, sendo as conclusións de dito informe claras, que mostran que a sobreelevación acadada en toda a súa superficie é inferior a 30 cm, o que permite concluír que a parcela atópase fóra de fluxo preferente, véndose no estudo da delimitación da zona inundable que a inundación provocada pola avenida correspondente ao periodo de retorno de 500 anos en ningún caso acada a cota da explanada na que se implanta a gasoleira; que as diferenzas na lámina de auga varían entre os 5 e os 8 cm, o que supón unha diferenza do calado máximo do 8,5% que, ao tratarse dunha zona inundable non urbana, non se considera significativo; que a construción do terraplén preciso para implantar a gasoleira non provoca a afección a novas parcelas e, resumindo, que o proxecto cumpre os requirimentos de Augas de Galicia que son os seguintes:

- A parcela non se atopa na zona de fluxo preferente.
- A parcela está en zona inundable pero o terraplén necesario para evitar a inundación non produce afeccións significativas, non considerándose significativa a sobreelevación da lámina de auga.

Continúa a Sra. García Gorostizu a súa intervención e di que, por todo o exposto, é inconcebible que o seu grupo poia apoiar o que o BNG solicita na moción que presenta xa que as autorizacións están ben outorgadas, todos os informes competentes son favorables e o grupo político do BNG o que pretende é que o pleno se extralimite e vaia contra o criterio dos técnicos por unha pataleta, pedindo o envío dun plan xeral que non está aprobado, o cal sufriu modificacións substanciais nas cales se basean para pedir unha nova exposición pública e o que criticaron por activa e por pasiva, servíndolles agora polo que lles pide que se decidan se vale ou non vale e anuncia que o voto do seu grupo será en contra.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira dona Marta Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que a Sra. García Gorostizu, coa súa intervención, xa lle aforra a ela gran parte da exposición que tiña preparada e di que a tramitación para a construción dunha gasoleira en Ledoño realizouse seguindo o procedemento integrado regulado no Real decreto 45/2015 e, con base no mesmo, a solicitude foi presentada ante a Xunta de Galicia que foi o organismo que tramitou todo o procedemento, incluído o trámite de exposición pública ao que o grupo político do BNG se refire e no que este grupo presentou unha serie de alegacións que foron desestimadas; que tras unha longa tramitación, a propia Xunta de Galicia remitiu ao Concello o expediente íntegro, con todas as autorizacións e informes sectoriais favorables, declaración de impacto ambiental, autorización de Augas de Galicia, etc, solicitando do Concello a emisión do único acto formal competencia do Concello, o outorgamento de licenza con base no artigo 142.2 da Lei 2/2016; que o outorgamento da licenza, como ben saben todos, é un acto regrado que recoñece a posibilidade de executar un dereito edificatorio tras as medidas e informes sectoriais correspondentes e que, con todos os informes favorables, que é o que hai que ter en conta, o Concello concedeu a licenza solicitada en base ao Plan Xeral vixente que é o que rexe neste momento.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que, non obstante o dito no parágrafo anterior, o equipo de goberno podería apoiar a moción presentada se no acordo da mesma, no punto número 1, se quita a expresión "de forma que se anule esa autorización", estando de acordo con reclamar a Augas de Galicia a revisión de dita autorización para esa construción e determinar nesa revisión se é necesario ou non anular a antedita autorización; que con respecto ao punto número 2 di que na Xunta de Galicia xa contan con esa documentación aínda que o equipo de goberno non ten problema ningún en remitírla novamente, repetindo que o seu grupo podería apoiar e votar a favor da moción que se presenta neste punto da orde do día se o grupo político do BNG procede a modificala nos termos expostos.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo político do BNG quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quérelle pedir á señora García Gorostizu que defina filón, que explique o que

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

quixo dicir na súa intervención, e que ela sempre presume de que o seu grupo fai política con maiúsculas e que nunca renuncia a facer política en ningún dos temas que afectan á xente, ao territorio, e cando hai formas de actuación que hai que revisar, como é o caso que se recolle na moción que presentan neste caso; que dixo que o informe de Augas de Galicia é favorable e di que iso é precisamente o que se denuncia e pon como exemplo se se dá licenza para facer un edificio e cae, o primeiro que se fai é denunciar o informe do arquitecto; que neste caso a zona anegouse e lle acusan de chamar á prensa, explicando que efectivamente chamaron á prensa porque era necesario dar a coñecer o que alí estaba pasando; que a Sra. García Gorostizu dixo que se está agardando a chegada da primaveira para evitar inundacións, dicindo el que era evidente que non se podía continuar e que se fixo necesario agardar á primaveira porque non quedou outro remedio pois non era fácil seguir; que a dita concelleira dixo tamén que el fixo valer documentos relativos ao PXOU en tramitación, cando non foi iso o que se fixo e pide que non se confundan e se revisen conceptos de dereito administrativo porque el o que fixo valer son documentos emitidos por organismos que teñen plena validez, preguntando se non ten validez que a Xunta de Galicia informe que nas zonas de ríos que non forman parte de núcleo hai que incluír bandas de 100 metros a cada lado das canles fluviais, se non sirve de nada o informe sobre impacto ambiental ou o informe da Xunta de Galicia para o PXOM, validado por Augas de Galicia, que o que di é que de facer algo hai que respectar esa liña, non servindo que agora veña como veu dona Marta Iglesias dicindo que hai un PXOM dos anos 80 e hai que fastidiarse porque neste caso, de perxudicar a paisaxe e o medio ambiente, os que se fastidiarían serían todos, sorprendéndolle moito que se remitan a iso simplemente e que non fora o propio Concello, coñecedor de toda a documentación que cita na moción, o que solicitara o que solicitaron os propios veciños nas súas alegacións pedindo que o río Valiñas ten que ter outro trato.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, dirixíndose á Sra. García Gorostizu, di que o comentario que fixo sobre que ao voceiro do grupo político do BNG lle vai o espectáculo circense non é oportuno e que el deixa eses espectáculos para outros ámbitos e por suposto non para os plenos municipais, nos que acostuma a actuar con outra seriedade.

Di o Sr. Chouciño Garrido que é importante, para cada persoa, para cada asociación, para cada entidade, para calquera persoa física ou xurídica, ter como valor rectificar cando se equivoca e lle di á Sra. Marta Iglesias que neste caso parece que Augas de Galicia equivocouse e produciu un efecto cascada porque á vista do informe de Augas de Galicia sucedéronse outros documentos e o Concello concedeu a licenza como un acto regrado, pensando que ben podería ter participado o Concello nese trámite de exposición pública e presentar alegacións e ser o primeiro valedor do patrimonio natural de Culleredo e do medio ambiente, pedindo por todo isto que se vaia á raíz dos documentos que, en cascada, deron lugar á licenza concedida, e que Augas de Galicia recoñeza o seu erro porque a evidencia está aí e aquilo é todo unha braña.

(Auséntase da sesión o Sr. concelleiro do grupo político popular, don Antón Prieto García)

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño se equivoca e debe informarse mellor e que debe aplicarse a si mesmo o que dixo sobre a importancia de rectificar cando se comete un erro porque o que errou foi el ao presentar esta moción e estudar o tema da autorización porque as obras non comezaron e o único que se fixo na zona foi unha proba para ver que no momento de máis caudal de chuvias a cota de auga quedara por debaixo do límite dos 33 que foi o límite que se decidiu poñer como límite do terraplén que citou na súa intervención anterior; que a situación non é que se comezaran as obras e se inundase o terreo senón que o que alí pasou foi que se fixo unha proba e xa se esperaba que se abnegase o terreo, buscándose un máximo e a onde chegaría a cota de auga, anunciando que o seu grupo seguirá coa idea de votar en contra a moción que se presenta neste punto.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que simplemente quere recordar que o seu grupo, coa presentación desta moción, non pretende anular ningún dereito senón que o que fai é ir a documentos que cita a Lei do Solo de Galicia, artigo 34.2.c), citado polo documento de

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

análise ambiental do PXOM de Culleredo que di que a delimitación do solo rústico de especial protección das augas debe revisarse para incluír bandas de 100 metros a cada marxe das canles fluviais situadas fóra do solo urbano e de núcleo rural, en consonancia co indicado no artigo 34.2.c) da Lei do solo de Galicia.

(Neste momento reincorpórase á sesión don Antón Prieto García)

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a evidencia ten que estar por riba de que haxa un documento administrativo que se equivocara e por iso o seu grupo insta á súa rectificación, motivo este polo que non poden aceptar a modificación proposta polo equipo de goberno porque aceptalo suporía quitar precisamente o meollo da cuestión porque cando se fai unha solicitude de rectificación hai que dicir cal é o obxectivo que é precisamente que se anule a tan cuestionada autorización porque a evidencia do que todos están vendo na zona é que iso hai que anulalo.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que considera que o equipo de goberno foi bastante condescendente co grupo político do BNG ao tratar o contido da moción que se presenta neste punto e que independentemente de que poidan compartir parte da mesma no fondo hai unha evidencia que está aí, que a Lei do solo e o Plan xeral de Culleredo que é o que está en vigor e non o que todavía non está, polo que hai que basearse no vixente xa que o equipo de goberno o que non pode é ir contra Dereito, habendo ademais unha responsabilidade patrimonial, e lle di ao Sr. Chouciño que se el estivera disposto a asumir atribucións do que suporía aprobar o proposto el gustosamente e sempre e cando sexa viable llas atribuiría sen ningún tipo de problema e así asumiría o Sr. Chouciño Garrido a responsabilidade patrimonial que ten derogar unha licenza porque hai cousas que ao Sr. alcalde-presidente, como gobernante, como equipo de goberno e como responsable dese equipo de goberno, lle poden gustar máis ou gustar menos pero se non está de acordo ten que indemnizar as outras partes e asumir as consecuencias; que el xa dixo que o equipo de goberno está disposto, como xa fixo con cada escrito que entrou no Concello, a remitir a Augas de Galicia por se viran algún escollo que puidera ser resaltable e que dera lugar a invalidar dita autorización se houbera algún erro na súa tramitación, indicando que por parte do Concello non houbo ningún erro pois todos os informes son doutra administración, neste caso da administración autonómica, e o Concello está obrigado a asumilos, porque hai que asumilos non só cando conveñen senón sempre, sendo todos os informes municipais favorables, incluído o xurídico ou o do arquitecto, porque hai un procedemento para facer este tipo de construcións, guste máis ou guste menos; que a el lle parece que nas marxes dos ríos hai que facer outras cousas pero tamén di que a maioría das gasoleiras que hai na contorna están desgraciadamente a carón dun río; que desde o grupo socialista están dispostos a facer un novo requerimento pero o que non poden é condicionar un informe técnico e, polo fondo, non pola forma, suxire que se anule ese punto “de forma que se anule a autorización” e poñelo en condicional de que “se estude a posibilidade de anular esa autorización” porque quere que quede claro que o ánimo do equipo de goberno é apoiar a moción que se presenta neste punto pero o Sr. Chouciño Garrido, se quere que saia adiante, terá que admitir algunha das emendas para que se poidan iniciar os trámites que o grupo político do BNG indica.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se pode chegar ao acordo proposto polo Sr. alcalde e recoller no punto primeiro “que se estude a posibilidade de que se anule esa autorización”, e di que quere aclarar que en ningún momento están poñendo en evidencia o outorgamento da licenza municipal porque, como xa dixo, o que se produciu foi un efecto cascada porque Augas de Galicia emitiu unha autorización, sobre a que o grupo político do BNG está convencido de que foi unha equivocación, e sobre ela o Concello concedeu a licenza e que, independentemente de que pensen que o Concello puido ir máis aló na tramitación do expediente, vanno obviar e ir ao práctico porque hai que proceder a solicitarlle a Augas de Galicia esa revisión e por este motivo o seu grupo accede a que o punto número 1 se redacte en condicional e en vez de recoller “que se anule esa autorización” que recolla o texto “que se estude a posibilidade de anular esa autorización”.

A continuación o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que o seu grupo xa anuncia o voto favorable.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 18 de febreiro de 2021, coas emendas propostas, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, López Díaz, Liñares Gestal, Seijas González, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do grupo político do BNG, de data 18 de febreiro de 2021, coas emendas, polo que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva do seguinte xeito:

1. Que se reclame do organismo Augas de Galiza, a revisión de oficio da autorización para a construción dunha gasoleneira na parcela mencionada a carón do río Valiñas, de forma que se estude a posibilidade de anular esa autorización.

2. Que se achegue a Augas de Galiza por parte do Goberno Municipal, toda a documentación do estudo que consta no PXOM en tramitación e aprobado inicialmente en 2013 respecto do estudo da zona e da afección de augas e do "valor ambiental do sistema fluvial que conforman o río Mero co seu principal afluente, o río Valiñas" en palabras da Memoria Ambiental citada arriba, para facer valer a sensatez e a defensa do noso patrimonio natural por enriba de intereses particulares.

3. Que se remita este acordo ao organismo Augas de Galiza e á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza."

C.I.F. P-1503100-H

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA LEI DE TRANSFERENCIA DA AP9 A GALICIA NO ACTUAL PERIODO DE SESIÓNS.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data dezoito de febreiro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

"Moción sobre a Transferencia da AP9 a Galiza

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado (*neste momento desconéctase da sesión o concelleiro Sr. Iglesias Gómez*) senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, (*neste momento conéctase á sesión o concelleiro Sr. Iglesias Gómez*) entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por todo o exposto o Pleno do Concello

Acorda:

1. Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.
2. Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.”

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo propón emendar o punto onde se pide "Instar á Mesa do Congreso" e que se engada (*neste momento desconéctase da sesión o concelleiro Sr. Iglesias Gómez*) "cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa xestión adecuada"; que aínda que discrepan en varias das cousas que se recollen na exposición de motivos da moción que se presenta, o seu grupo apoiaría a moción se se emenda co texto que vén de dicir.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o seu grupo prefire que se deixe como está para poder manter o seu voto afirmativo á mesma pero que é unha decisión que ten que adoptar o grupo político do BNG.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PsdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo defenden (*neste momento conéctase á sesión o concelleiro Sr. Iglesias Gómez*) a rebaixa das peaxes da AP-9 así como a transferencia da mesma a autonomía galega polo que xa avanza o seu voto favorable a moción; que sen embargo lles gustaría sinalar que a primeira reclamación da AP9 para Galicia fixoa un presidente socialista, o presidente Emilio Pérez Touriño no ano 2005, esquecida coa chegada do actual presidente, o Sr. Feijoo no ano 2009, quedando a concesión prorrogada polo presidente Aznar ata o ano 2048; que a proposta de traspaso da AP9 foi debatida e aprobada no Parlamento de Galicia ata en tres ocasións pero o goberno de Rajoy bloqueouna na Mesa do Congreso e impediu que esa cuestión fora debatida no Congreso, impedindo o veto do PP con Rajoy o debate en Madrid da proposición de lei para o traspaso que fora aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia; que a principios deste mes aceptouse por unha ampla maioría no Congreso dos Deputados a transferencia da AP9 a Galicia, facendo o goberno presidido por Pedro Sánchez unha aposta decidida nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 cunha partida de 63 millóns de euros para bonificacións de peaxes na AP-9, que suporá unha rebaixa histórica nas peaxes desta infraestrutura, rebaixa histórica e substancial nas peaxes que non sería viable sen a aprobación deses orzamentos xerais do Estado contra os que votaron o PP e o BNG e que de non estar aprobados fariase imposible esta rebaixa das peaxes.

Segue a súa intervención a Sra. Pombo Carril e di que evidentemente, o grupo político do PSdeG-PSOE non quere unhas condicións abusivas para os galegos e galegas polo que dende o goberno do Estado, como se reflexa na partida presupostaria destinada para a rebaixa dos peaxes da AP9, estase a traballar na transferencia de dita autoestrada para Galicia e que, toda vez que o Congreso xa admitiu a trámite a proposición de lei de transferencia da AP-9 toca apoiar ao goberno do Estado para facer por fin realidade esta transferencia da autoestrada galega e mentras tanto facer realidade a rebaixa das peaxes ata o ano 2048.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que a voceira do grupo político popular propuxo unha emenda que se conte cos recursos necesarios para acometer as obras, o mantemento, etc, etc; que a proposta de lei xa está aprobada no Parlamento de Galicia, sendo a proposta que chegou agora ao Congreso e, en todo caso, quen deberá entregar esta infraestrutura, a AP9, coas obras rematadas e en perfecto estado de acondicionamento e mantemento, será a empresa concesionaria polo que considera que non debe incorporarse dita emenda.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera, en contestación á intervención da voceira socialista, di que non se trata de dicir tantas veces que tanto socialistas como populares tiveron a oportunidade de acabar con esta estafa institucionalizada, tiveron oportunidades dabondo tanto no Parlamento Galego como no Congreso dos Deputados e se os orzamentos do Estado de 2021 non foron apoiados polo BNG é porque o seu partido non se vende barato, non venden Galicia barata e os deputados do BNG non esquecen a quen representan cando cruzan Pedrafita e teñen a cabeza posta en Galicia tanto en Santiago de Compostela, como en Culleredo, como en Madrid (*neste momento desconéctase da sesión a concelleira Sra. López Díaz*) e non os apoiaron porque non se está cumprindo co pacto de

26 de 46

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

investidura que, entre outras cuestións, incluía a activación inmediata dos descontos destas peaxes polo que xa se está incumprindo dito acordo e polo tanto agora non se pode solicitar dos deputados do BNG que sigan apoiando uns orzamentos que son tan cativos para Galicia polo que o grupo político do BNG vai deixar a moción tal como a presentou e engade que agardan poder contar co apoio da Corporación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 18 de febreiro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Iglesias Gómez, Méndez Sánchez, Liñares Gestal, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Mourelle Botana, Ferreiro Varela e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: unha (1), da Sra. López Díaz, que se abstén en virtude do disposto no artigo 100.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do grupo político do BNG, de data 18 de febreiro de 2021, que devén en acordo nos termos expostos.

C.I.F. P-1503100-H

9.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR SOLICITANDO A ELIMINACIÓN INMEDIATA DOS VERTEDOIROIS ILEGAIS DESPERDIGADOS POLO CONCELLO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político popular, de data dezanove de febreiro de dous mil vinte e un, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que transcrita di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA ELIMINACION INMEDIATA DE LOS VERTEDEROS ILEGALES DESPERDIGADOS POR EL CONCELLO

EL Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

EL concello de Culleredo presenta varios vertederos incontrolados de residuos de distintos tipos que deterioran el estado del medioambiente de la zona.

Desde el PP hemos visitado algunos de estos espacios en los que hemos visto escombros, neumáticos, colchones, basura, aparatos eléctricos, electrodomésticos, cristales.... Tenemos un conjunto de fotografías que muestran el mal estado de estos espacios y que enumeramos a continuación:

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

1.- REGO DE CASTRO: Culleredo coordenadas 43.313018,-8.408896 Bajo los pilares de la AC-14 se encuentra esta escombrera con cristales , ruedas , restos de podas, cascotes Todo esto a pocos metros del cauce del Rego de Castro.

2.- MONTE COSTA: Otra zona critica en cuanto a basura se refiere. A escasos 200m metros del punto limpio , en la situación marcada en el mapa , se encuentra uno de los mayores puntos de vertidos de Culleredo. Coordenadas 43.276161,-8.403631

3.- REGO DE TRABE De nuevo bajo los pilares de la AC- 14 , esta vez completamente encima del cauce de Rego de Trabe , se acumulan diversos vertidos y desescombros . En toda la zona vemos numerosos cúmulos de basura , y en concreto en esta zona abundan los depósitos de uralita. Las coordenadas 43.297768,-8.400967

4.- CLT: todo el polígono está asolado de basura observándose multitud de latas, envases de café, plásticos, envoltorios de alimentos...Es necesaria la colocación de papeleras y contenedores, para dar solución a este problema porque no hay ninguno.

Encontramos también varios puntos en los que hay vertidos y escombros, mobiliario, restos de construcción, ruedas, cristal...

No se puede dejar estos espacios como están. Es necesario proteger el medio ambiente, la salubridad pública, limpiar, recoger y tratar estos residuos. El hecho de que estos espacios acumulen vertidos invita a que la ciudadanía siga arrojando más residuos, en muchos casos peligrosos, que por ley tendrían que ser recogidos y trasladados a una planta de tratamiento autorizada.

También creemos necesario establecer campañas informativas, de control y de vigilancia que hagan que los vecinos de Culleredo tomen conciencia respecto a esta problemática y colaboren en el mantenimiento de estos entornos, no efectuando más vertidos incontrolados.

Consideramos que el concello de Culleredo tendría que tener un protocolo de actuación rápida y eficaz para eliminar estos vertederos de residuos tanto en terrenos públicos, como emprender actuaciones para que los espacios privados se gestionen adecuadamente.

Todas estas conductas reflejadas constituyen un incumplimiento de la ordenanza municipal de Protección del Medioambiente en la que se definen sanciones para los infractores.

Por todo lo expuesto, el GRUPO MUNICIPAL POPULAR presenta las siguientes

PROPUESTAS

1.-Elaborar un inventario de puntos críticos que actúan como vertederos incontrolados. Desde el PP de Culleredo hemos detectado estos focos pero somos conscientes de que hay más en el concello.

2.-Eliminar estos vertederos incontrolados que se encuentran en nuestro municipio de la forma más rápida posible y llevar a cabo las medidas correspondientes para restituir dichas zonas a su estado original. La actuación en estos casos debe ser de manera inmediata, en cuanto se tenga conocimiento de ello, para evitar que se genere un punto de vertido reconocido que actúe como efecto llamada a la realización de otros vertidos.

3.-Realizar una campaña informativa en prensa, radio y redes sociales para concienciar (*neste momento conéctase á sesión a concelleira Sra. López Díaz*) a la ciudadanía de cómo se realiza la gestión de residuos, qué responsabilidades tiene quien haga dicho vertido, así como la necesidad de la colaboración ciudadana para acabar con vertidos de residuos incontrolados.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

4.-Aumentar la vigilancia y el control en el cumplimiento de la normativa, aplicando estrictamente la ordenanza de Protección del Medioambiente. En este sentido, la información de las sanciones debería ser pública para disuadir a los infractores, especialmente a quienes son reincidentes.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é boa cousa reiterar a cada pouco estas cuestións como ten feito o BNG no pasado con preguntas na comisión, en pleno, rogos, etc, que van na liña da defensa dun medio ambiente abandonado, sobre vertedoiros incontrolados, accesos motorizados ao monte, agresións a mámoas, verquidos ao río, etc; que veñen de defender unha moción pola agresión ao río Valiñas e outra de deforestación no parque de Acea de Ama e di que todo o que se faga para poñer en evidencia a incapacidade do goberno municipal é pouco, anunciando que o voto do seu grupo neste punto da orde do día será a favor.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que as propostas que o grupo político popular propón na súa moción xa se están a realizar desde o Concello porque xa están localizados os puntos nos que se verten residuos e xa se procede á eliminación dos mesmos cando se ten coñecemento da situación; que desde o servizo de medio ambiente, en colaboración coa Policía Local e co Grupo operativo medioambiental da Policía autonómica de Galicia e o Seprona, o equipo de goberno leva anos traballando co fin de detectar e retirar os puntos de verquido no termo municipal así como a identificación dos responsables, o cal non é tarefa fácil; que ademáis, no ano 2018 o goberno municipal asinou un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a retirada dos vertedoiros en pistas municipais, traballos que realizou TRAGSA no último trimestre dese ano, limpando e xestionando os residuos de 21 vertedoiros en Culleredo; que as competencias dos municipios no tocante a verquidos establécense na Lei reguladora das bases de réxime local; que os puntos a retirar polo Concello son aqueles que se atopan en pistas, vías públicas ou espazos de uso público, no caso dos vertedoiros atopados en parcelas privadas os mesmos deben ser retirados polos propietarios.

Segue a súa intervención a Sra. Pombo Carril e di que xa existen campañas no eido comarcal e a nivel local sobre concienciación para unha axeitada xestión dos residuos, dirixida a toda a poboación; que non se trata dun problema exclusivo de Culleredo, senón que afecta a toda a comarca, un problema de civismo que sufren todos os concellos da contorna e polo que se debería tomar decisión ao respecto de maneira conxunta, engadindo que ademáis cabe sinalar que nos casos que se puideron identificar os responsables, cómpre indicar que non se trataba de veciños de Culleredo senón doutros concellos limítrofes; que respecto á protección do medioambiente que propón o grupo político popular esta sería unha competencia da Xunta de Galicia e do SEPRONA, polo que para aumentar a vixilancia e o control debería instar a este organismo competente; que por todo o exposto o seu grupo podería votar a favor da moción se se fixera unha redacción positiva e de continuidade e se redactaran os puntos comezando da seguinte forma:

- Continuar coa identificación de puntos críticos que actúan com vertedoiros incontrolados.
- Continuar coa eliminación destes vertedoiros incontrolados...
- Continuar as campañas informativas en prensa, radio e redes sociais a nivel local e comarcal para concienciar ...
- Instar ao organismo competente a unha maior vixilancia e control ...

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Remata a súa intervención a Sra. Pombo Carril dicindo que, de modificar o principio da redacción das propostas de acordo que o grupo político popular propón o voto do grupo socialista sería a favor.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a cuestión que o seu grupo presenta con esta moción non a consideran nin de dereitas nin de esquerdas e que é algo que, como ben dixo a concelleira Sra. Pombo Carril, non é algo que afecta exclusivamente a Culleredo senón que por toda España se dan estas situacións e xa desde a Unión Europea chamaron a atención sobre isto en varias ocasións; que desde o Concello se poden facer cousas e que o que o equipo de goberno está a facer non é suficiente porque hai veciños que levan anos denunciando estas situacións polo que a xestión do Concello non é óptima e o que pide é que se estude o que hai que cambiar para que cambien os resultados porque non son bos e parece que as campañas que se fan non chegan, sendo unha moción que representa un tirón de orellas para todos para que se cambie como sexa e o entorno non siga así; que hai vertedoiros que o goberno municipal dixo que ían retirar e seguen no mesmo punto, sen que se revexetaran nin se plantaran novas especies como se anunciou, nin se colocaron cámaras nas zonas máis conflitivas nin se retiraron os residuos cada pouco tempo polo que considera que a solución non é cambiar a moción engadindo a idea de continuar senón que o goberno podería ter feito moito máis e facer autocrítica recoñecendo que neste tema queda moito por mellorar.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que este é un problema que afecta a todos os concellos e que en todas as reunións nas que se fala de residuos tanto a nivel xeral como a nivel de FEMP e a nivel do Consorcio das Mariñas sae esta problemática e se estudan solucións e propostas para ver como se pode abordar este tema porque é unha problemática xeral que, governe quen governe, existe, asegurando que desde o servizo de Medio ambiente do Concello de Culleredo faise todo o posible e sabe que non é suficiente porque, ao igual que pasa nos demais concellos, cando se retira un verquido, aos dous días xa hai outro porque son puntos xa localizados polos que atentan contra o medio ambiente e que contan cunha situación estratéxica con varios puntos de entradas e/ou saídas polo que se fai moi difícil o seu control exhaustivo e así o manifestan as autoridades competentes tanto o Seprona como a propia policía autonómica; que desde o goberno municipal están dispostos a apoiar de todas formas a moción tal como se presenta en aras de contribuír a concienciar máis á xente porque, a pesar de que o equipo de goberno fai todo o posible para arranxar ditos problemas, non quere que os desaprensivos co medio ambiente lean na prensa que o grupo socialista votou en contra dunha moción contra os que verten nos ríos, ou os que verten nos encoros naturais porque sería darlles a razón.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político popular, de data dezanove de febreiro de dous mil vinte un, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

10.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE SERVIDUMES AERONÁUTICAS DO AEROPORTO DA CORUÑA.

A Presidencia dá conta aos asistentes ao pleno municipal da presentación de alegacións á proposta de delimitación das servidumes aeronáuticas do aeroporto da Coruña remitidas á Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana en data 29 de xaneiro de 2021 (rexistro de saída número 2021/697 – código de documento UGT15S0011)

11.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

- Informe de data 25/01/2021 (código de documento UIT15I000T)
- Informe de data 25/01/2021 (código de documento UIT15I000U)
- Informe de data 25/01/2021 (código de documento UIT15I000V)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I000W)
- Informe de data 05/02/2021 (código de documento UIT15I001X)

12.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 122 resolucións, a número 2014 do ano 2020 e as numeradas da número 88 á 208 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
2014	18/12/2020	Acceso ao solicitado por D. Eduardo Mourelle Botana e remisión telemática copia documentación solicitada, relativa contratos mantemento e conservación zonas verdes e prazas públicas e máis documentación, xunto co informe Xefe servizo Economía e Facenda.	
88	27/01/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña, Procedemento ordinario 8/2021.	
89	27/01/2021	Anulación dos movementos solicitados por M.J.F.P. no Padrón Municipal de Habitantes.	
90	27/01/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/2, por un importe total de 192.956,93€.	
91	27/01/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/3, por un importe total de 2.174,42€.	
92	27/01/2021	Declaración do desestimento de M.M.L.F. das axudas solicitadas para pago necesidades básicas da vivenda e farmacia.	
93	27/01/2021	Baixa no servizo municipal de Teleasistencia domiciliar de E.V.G.	
94	27/01/2021	Cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e enterro do finado M.G.P.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
95	27/01/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda a domicilio por libre concorrencia de M.C.M.	
96	27/01/2021	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por F.G.F.	
97	27/01/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar de A.S.B.	
98	27/01/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar de A.L.V.	
99	27/01/2021	Informe favorable autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo TOYOTA COROLLA, matrícula 5484 LJJ en substitución do vehículo 1335 JCD solicitada por J.S.C.	
100	27/01/2021	Concesión a I.R.S. da licenza solicitada para a demolición dun galpón e a construción dunha vivenda unifamiliar na Av. Almeiras.	
101	27/01/2021	Concesión a G.T.B. da licenza de primeira ocupación solicitada para una vivenda unifamiliar situada na rúa Río Tambre, parroquia de Rutis.	
102	27/01/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 da Coruña, no Procedemento ordinario 2/2021.	
103	27/01/2021	Requirimento a J.F.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca RENAULT modelo LAGUNA, con placas de matrícula 9259CDJ, abandonado na rúa Pablo Iglesias.	
104	27/01/2021	Informe favorable autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo SKODA SUPERB, matrícula 7333LHG en substitución do vehículo 1164JXG solicitada por I.L.M.G.	
105	27/01/2021	Requirimento a M.L.D. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca AUDI modelo A3, con placas de matrícula 7039GWH, abandonado na rúa Felipe Mínguez Serrano.	
106	27/01/2021	Requirimento a DISFRIOGA SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca MERCEDES BENZ modelo 409D, con placas de matrícula C2608AN, abandonado na avenida de Almeiras.	
107	27/01/2021	Requirimento a DISFRIOGA SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca CITROEN modelo C15, con placas de matrícula 2792CSS, abandonado na avenida de Almeiras.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
108	27/01/2021	Requirimento a HANGAR GALICIA SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca ROVER modelo 620, con placas de matrícula C1798BN, abandonado na rotonda que une a rúa Pintor Tim Behrens coa avenida de Galicia.	
109	27/01/2021	Aprobación da devolución da fianza constituída por NEXTGAL SOLUCIONES INFORMATICAS SL por importe de 459,5€ en concepto de garantía complementaria do contrato: suministro de equipamento informático, lote núm.2, escaners.	
110	27/01/2021	Requirimento a OFFSET VALLADARES SL. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca FORD modelo TRANSIT, con placas de matrícula 4202BRP, abandonado no lugar de Peiro de Arriba.	
111	27/01/2021	Requirimento a L.M.F.B. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca FORD modelo FIESTA 1.8D, con placas de matrícula C8899BP, abandonado na rúa Alexandre Bóveda.	
112	27/01/2021	Requirimento a J.R.S.G. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca CHEVROLET modelo LACETTI, con matrícula 7476FBM, abandonado na rúa Alexandre Bóveda.	
113	27/01/2021	Requirimento a DISFRIOGA SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca NISSAN modelo ECO T160, matrícula SE2854CV, abandonado na avenida de Almeiras.	
114	28/01/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, a celebrar por medios telemáticos, o día 02-02-2021.	
115	29/01/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 01-02-2021.	
116	29/01/2021	Declaración caducidade inscricións no Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de dous anos, e baixa no Padrón Municipal de Habitantes de A.G.B. e máis	
117	29/01/2021	Declaración caducidade inscricións no Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de dous anos, e baixa no Padrón Municipal de Habitantes de G.A.F.A. e máis	
118	29/01/2021	Declaración caducidade inscricións no Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de dous anos, e baixa no Padrón Municipal de Habitantes de H.D.V. e máis	
119	29/01/2021	Declaración caducidade inscricións no Padrón Municipal de Habitantes, por non ter renovada a súa inscrición padroal no prazo de dous anos, e baixa no Padrón Municipal de Habitantes de M.R.B. e máis	

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
120	01/02/2021	Concesión a J.A.S.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
121	01/02/2021	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 04-02-2021.	
122	02/02/2021	Concesión a M.B.L.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1075€.	
123	02/02/2021	Concesión a M.A.L.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
124	02/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.M.M.C. dos recibos de electricidade correspondentes as facturas de xullo, agosto, setembro e outubro de 2020 cun importe total de 80,19€.	
125	02/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a D.M.C. con efectos de 01-01-2021.	
126	02/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a M.B.T.P. con efectos de 01-01-2021.	
127	02/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a M.D.R.V. con efectos de 01-01-2021.	
128	02/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a S.M.P.P. con efectos de 01-01-2021.	
129	02/02/2021	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2021 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a M.M.P.T.	
130	02/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m ³ a M.T.S. con efectos de 01-01-2021.	
131	02/02/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/4. Importe total: 7.554,31€.	
132	02/02/2021	Concesión a D.C.P.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
133	02/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a F.R.B.I. do recibo de gas correspondente ao período do 10-10-2020 ao 18-12-2020 (62,15€).	
134	02/02/2021	Denegación a J.A.B.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
135	02/02/2021	Solicitude participación convocatoria programa subvencións Deputación Provincial da Coruña para o proxecto denominado "Mantemento de posto de traballo de técnica municipal en animación sociocultural" por un importe de 10.000€.	
136	03/02/2021	Aprobación padróns/matriculas Prezo público prestacións apoio autonomía persoal e atención dependencia (PAAD), en concreto, polo servizo axuda fogar municipal por libre concorrencia e para persoas con grao recoñecido dependencia meses xullo e agosto 2020.	
137	03/02/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 560/2021 e máis.	
138	04/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación dos pagos C.P. EDIFICIO MIRADOR 74,80€ e máis.	
139	04/02/2021	Imposición sanción tráfico. Expediente: 11198/2020.	
140	04/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a D.M.N. con efectos de 01-01-2021.	
141	04/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a J.A.G.C. con efectos de 01-01-2021.	
142	05/02/2021	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220210000182. Importe total: 1770,51€.	
143	05/02/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/5 (COVID). Total: 20.753,70€.	
144	05/02/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, a celebrar por medios telemáticos, o día 08-02-2021.	
145	05/02/2021	Requirimento a M.G.L.C. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca DAEWO modelo LANOS, con placas de matrícula C3300BZ, abandonado na avenida da Coruña.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
146	05/02/2021	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, no Procedemento Abreviado 213/2020.	
147	05/02/2021	Requirimento a R.M.S.C.M. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca FIAT modelo BRAVO, con placas de matrícula C8098BN, abandonado na avenida Portádego.	
148	05/02/2021	Requirimento a GRUPO BLANCO 981 SERVICIOS SL para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca SEAT modelo INCA, con placas de matrícula 0194CKV, abandonado na avenida Miguel González Garcés.	
149	05/02/2021	Baixa do animal potencialmente perigoso de nome Tayson, especie canina, núm. Microchip 941000012165529, propietaria P.B.R., data da baixa 29-11-2020 por morte.	
150	05/02/2021	Informe favorable da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca KIA CEED, matrícula 2565LHS en substitución do vehículo 2213JTD, solicitada por M.C.R.E.	
151	05/02/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para execución de liña eléctrica subterránea de baixa tensión na avenida do Ruevoiro, parroquia de Rutis.	
152	05/02/2021	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico RBTS a vivenda unifamiliar na rúa Anchouza, parroquia de Rutis.	
153	05/02/2021	Concesión a M.G.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
154	05/02/2021	Expedición a I.L.M.G. da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA SUPERB, matrícula 7333LGH en substitución do vehículo 1164JXG.	
155	05/02/2021	Expedición a J.S.C. da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA COROLLA, matrícula 5484LJJ en substitución do vehículo 1335JCC.	
156	05/02/2021	Aceptación do desestamento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por D.S.M.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
157	05/02/2021	Concesión a D.D.O.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro dos meses de xaneiro de 2021 (129€) e de febreiro a maio de 2021 (250€/mes).	
158	05/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.D.R.S. do recibo de gas por importe de 5,73€ (importe total factura 16,70€) correspondente ao período do 8 ao 31 de outubro de 2020.	
159	05/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.D.V. do recibo de luz por importe de 22,06€ correspondente ao período do 7 ao 31 de outubro de 2020.	
160	05/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.G.M. do recibo de gas por importe de 12,52€ (importe total recibo 23,78€) correspondente ao período do 10 ao 31 de outubro de 2020.	
161	05/02/2021	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Acondicionamento polideportiva descuberta de Peiro de Arriba".	
162	05/02/2021	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Acondicionamento polideportiva descuberta de Pelamios, R/. Pablo Picasso, O Burgo".	
163	05/02/2021	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Acondicionamento polideportiva descuberta da Corveira".	
164	05/02/2021	Solicitude subvención convocada pola Secretaría Xeral da Igualdade para fomento contratación mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, a través contratación 4 mulleres (conserxes/xornada completa).	
165	05/02/2021	Acceso ao solicitado por P.F.S., como secretaria da sección sindical CIG, e acceso telemático a través da sede electrónica do Concello aos documentos que compoñen o expediente completo de produtividade (UPO/2020/108).	
166	05/02/2021	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Rehabilitación do pavimento na rúa Pérez de Traba (VP-93)".	
167	05/02/2021	Solicitude participación do Concello na convocatoria do programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña para mantemento de persoal técnico deportivo durante o ano 2021, por un importe de 15.000€.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
168	05/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a R.M.A.T. do recibo de auga correspondente ao 1º (84,46€), 3º (79,66€) e 4º (81,26€) trimestre de 2020 e recibos comunidade correspondentes ao ano 2020 (144,75€).	
169	05/02/2021	Cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e enterro da finada M.P.T.F.	
170	05/02/2021	Recoñecemento da obriga a favor dos beneficiarios que xustificaron a aplicación dos fondos e orde pago liquidación axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal. Liña de actuación número 5: Promoción da cultura.	
171	05/02/2021	Requirimento a M.R.O.V. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca PEUGEOT modelo 206, con placas de matrícula 2791BSB, abandonado na avenida Miguel González Garcés.	
172	08/02/2021	Orde a L.S.G., como propietaria, á realización nos terreos referencia catastral 15031A03400222 a limpeza, tala e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
173	08/02/2021	Orde a M.I.C., como propietario, á realización nos terreos referencia catastral 15031A01400223 a limpeza, tala e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
174	08/02/2021	Aceptación reclamación presentada por OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU e autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago por importe de 2.686,68€, en concepto de intereses de demora por operacións comerciais (certificacións 1 e 2 expte. UCP/2017/118).	
175	08/02/2021	Aprobación proposta adhesión convenio colaboración entre Axencia Tributaria de Galicia e FEGAMP para cesión información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público para concesión axudas e subv. e contratación coa Administración.	
176	10/02/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.M.M.A.	
177	10/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.V. do recibo de auga correspondente ao período do 1º, 2º, 3º e 4º trimestre de 2020 por un importe de 222,30€.	
178	10/02/2021	Imposición sanción tráfico. Expediente: 16981/2020.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
179	10/02/2021	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 11654/2021.	
180	10/02/2021	Aprobación da devolución a M.C.C. da cantidade indebidamente ingresada en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana por importe de 988,20€ máis 105,92€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso.	
181	10/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a V.S.I. con efectos de 01-01-2021.	
182	10/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a G.V.R. con efectos de 01-01-2021.	
183	10/02/2021	Concesión dunha bonificación do 50%, por familia numerosa, na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.R.V.Z. con efectos de 01-01-2021.	
184	10/02/2021	Informe favorable da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA matrícula 3124LLF en substitución do vehículo 4199HSV solicitada por J.M.S.C.	
185	10/02/2021	Concesión a M.E.C.O. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
186	11/02/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/6, por un importe total de 5.120,89€.	
187	11/02/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, a celebrar por medios telemáticos, o día 15-02-2021.	
188	11/02/2021	Recoñecemento da obriga a favor dos beneficiarios que xustificaron a aplicación dos fondos e orde pago liquidación axudas concedidas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal. Liña de actuación número 6: Promoción do deporte.	
189	11/02/2021	Corrección erro detectado na resolución núm. 1995/2020.	
190	11/02/2021	Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de E.B.V. e D.A.O.O.	

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
191	11/02/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/7, por un importe total de 86.290,20€.	
192	11/02/2021	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2021/8, por un importe total de 1.971,82€.	
193	11/02/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar formulada por E.R.G. para a súa nai E.G.T.	
194	11/02/2021	Concesión a J.M.B.P. da redución do horario do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
195	12/02/2021	Corrección dos erros detectados na resolución do 20-01-2021 relativa á concesión a membros da Policía Local dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada de traballo.	
196	15/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura 20210000282. Importe total: 2.614,47€.	
197	15/02/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/9 (COVID). Importe total: 3.063,48€.	
198	15/02/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/10. Importe total: 50.467,70€.	
199	15/02/2021	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/11. Importe total: 52.876,46€.	
200	15/02/2021	Recoñecemento obriga a favor beneficiarios xustificaron aplicación fondos e orde pago liquidación axudas concedidas asociacións e entidades sen ánimo de lucro termo municipal. Liña actuación 7: Promoción participación cidadá e fomento comunicación social.	
201	15/02/2021	Retroceso actuacións expte. contratación UCP/2020/214 ao momento previo aprobación prego condicións admvas. particulares; corrección prego, deixando sen efecto o aprobado por resolución 2013/2020; aprobación novo prego e reinicio procedemento adxudicación	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 25-02-2021
202	15/02/2021	Baixa no servizo municipal de Axuda no fogar formulada por N.L.V. para o seu cónxuxe A.I.M.	
203	15/02/2021	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes aos bonos de alimentos por importe de 61,7€.	
204	17/02/2021	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 157 a R.B.V.	
205	17/02/2021	Expedición a J.M.S.C. da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 3124LLF en substitución do vehículo 4199HSV.	
206	17/02/2021	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde D. ^a María Guadalupe Pombo Carril o día 18 de febreiro de 2021.	
207	17/02/2021	Complementación da resolución 37/2021 relativa ao recurso contencioso administrativo interposto por P.D.M. Procedemento Abreviado 1/2021.	
208	17/02/2021	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 19-02-2021.	

C.I.F. P-1503100-H

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros asistentes ao pleno municipal se teñen algún rogo ou pregunta para facer.

(neste momento desconéctase da sesión a concelleira Sra. Ferreiro Varela)

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ten que ausentarse da sesión e solicita que o seu compañeiro, don Antón Prieto García, asuma a portavocía do grupo político popular ante o pleno para presentar os rogos e preguntas deste grupo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non hai problema ningún.

(A señora García Gorostizu auséntase da sesión ás 16.03 horas)

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quixo traer ao pleno unha moción e desde Secretaría lle informaron que non era posible traela dese xeito polo que a presentan como un rogo e expón que os lugares de Castro e Laxe, na parroquia de Rutis, son dos núcleos de poboación máis tradicionais e de máis arraigo dentro do termo municipal, solicitando desde o seu grupo o arranxo e a limpeza nas marxes de Rego de Castro para que permita a accesibilidade entre a rúa Nabás e a rúa Alcalde Lastre Abente, así como o arranxo das proteccións existentes ao longo de todo o Rego como o muro de formigón na zona do cruceiro de A Laxe.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno atende o seu rogo aínda que hai unha parte de regatos e ríos que non son de competencia municipal e que como constan do seu rogo que foi presentado como moción, atenderán ao mesmo instando ao órgano competente a que fagan o que nela se indica.

De seguido o Sr. Mourelle Botana di que hai autónomos do Concello de Culleredo que lle siguen trasladando a súa preocupación e inquietude con respecto ás subvencións procedentes da Deputación provincial da Coruña e solicitan que o Sr. alcalde lles dea unha data exacta de cando recibirán as referidas axudas, polo que a súa pregunta é se se pode concretar unha data.

Responde o Sr. alcalde e di que esta problemática que está a ter Culleredo a teñen tamén a maioría de concellos e que neste momento está a punto de rematarse a resolución que ordea o pagamento das ditas axudas, indicando que hai empresas que non van contar con elas por mor de que no momento de solicitálas non tiñan o seu domicilio fiscal en Culleredo ou porque non estaban ao corrente en pagamentos á Administración e outras causas, indicando que ao longo do mes de marzo resolveranse todas estas cuestións para poder axudar a maioría de empresarios do municipio de Culleredo, adiantando xa que Culleredo vai subscribir un acordo coa Xunta de Galicia para dispoñer dun crédito para axudar aos autónomos que se viron perxudicados nesta nova ola e facer unha dotación de aproximadamente 250.000 euros e ao longo do mes de abril farase un novo pagamento a maiores do que o Sr. Mourelle indica, especialmente para axudar ao sector da hostelería.

A continuación o Sr. Mourelle Botana di que na anterior sesión plenaria preguntou polo custo do programa para a celebración dos plenos telemáticos e o custo das alegacións da pegada sonora e servidume aeronáuticas, respondendo o Sr. alcalde en dita sesión que non podía responder porque naquel momento non dispoñía dese dato polo que pregunta se agora xa ten claro dito dato.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que lle dixo ao departamento de Alcaldía que llo remitira por correo electrónico e agora non dispón da contía exacta, engadindo que na vindeira sesión dará ese dato publicamente e lle ofrece amosarlle os expedientes para que conte con exactitude con ese importe, reiterándolle desculpas.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten pendente unha resposta a unha pregunta rexistrada en tempo e forma, para a súa resposta no último pleno ordinario que houbo, no mes de decembro, respecto ao número de días que se tardaba desde Servizos sociais cando se rexistraba unha solicitude de atención ata a data na que se realizaba a primeira entrevista coa persoa solicitante e seguen tendo pendente esa resposta.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a resposta lla vai dar a señora concelleira de Política Social.

A continuación a Sra. Pombo Carril, concelleira delegada de Política Social, di que vai proceder á lectura dun informe emitido ao efecto pola xefa de servizo e le o seguinte texto:

“O servizo de Educación e Atención Social (SEDAF) municipal organízase territorialmente en tres unidades de traballo e educación social (UTES) cada unha cunha traballadora social e unha educadora.

As traballadoras sociais son as profesionais referentes de cada expediente familiar, as que ven e valoran o caso por vez primeira e teñen capacidade de tramitar prestacións económicas. As educadoras interveñen xunto a elas nas situacións familiares problemáticas complexas que requiren de medidas socioeducativas.

A día de hoxe as citas coas traballadoras sociais están na seguinte situación (data 25 de febreiro de 2021):

- Citas telefónicas de primeira atención: promedio de 17 días cunha demanda máis acusada na UTES 1 do Burgo.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

- Citas posteriores:

- * Citas telefónicas: promedio de 27 días, cunha maior demanda na UTES 3 que atende a Rutis, Fonteculler e as parroquias do rural.

- * Citas inexcusablemente presenciais: promedio de 44 días cunha demanda similar entre as tres UTES.

Ante esta situación de demanda social, que non fai máis que incrementarse coa pandemia, procedeuse a solicitar a concellería de Persoal a contratación dunha nova traballadora social.”

A continuación o Sr. Méndez Mosquera intervén e di que solicita unha copia do dito informe para poder velo e analízalo.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten dúas cuestións que teñen certo paralelismo, sendo a primeira que os comerciantes de Vilaboa andan moi preocupados pola reforma da avenida polo que desde o BNG solicitan que se dialogue cos comerciantes e hosteleiros; que entenden que Vilaboa está moi necesitada de investimentos e que se fagan esta e moitas outras intervencións necesarias e que precisamente pola ausencia destas intervencións durante moitos anos é polo que agora as intervencións que se fan teñen unha magnitude que vai provocar un grande impacto no espazo e seguramente durante un tempo prolongado, motivos polo que é máis necesario que nunca proceder con diálogo e acordos, con medidas alternativas de tránsito, de aparcamento e de convivencia en xeral; que vendo como está sucedendo nun pequeno tramo da reforma de Ribados, onde non hai a sinalización e medidas que cren están recollidas no proxecto, o que non fai esperar nada bo, ou a obra do parque da igrexa de Vilaboa, que leva case un ano de retraso, di que non quere nin imaxinar que sucedera outro tanto na reforma da avenida; que por todo iso desde o seu grupo solicitan unha vez máis, e o farán todas as veces que faga falta, que o equipo de goberno se reúna coa veciñanza, que explique ben o que vai facer e os pasos que se van dar porque coas limitacións para o pequeno comercio e a hostelería que xa está habendo polas restricións propias da pandemia xa se está a dar unha afectación económica e social grave polo que pide que non se fagan as cousas mal podendo facelas ben, (*neste momento conéctase á sesión a concelleira Sra. Ferreiro Varela*) rogando unha vez máis que se reúnan cos veciños, que dialoguen con eles, que se coordinen e establezan solucións alternativas para que esta obra, que consideran totalmente necesaria, non cause danos á veciñanza.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que outra das preguntas que quere facer o seu grupo é en relación á orde da Consellería de Sanidade, pola que a hostelería está moi preocupada, a orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do plan de hostelería segura da Comunidade autónoma de Galicia; din os hosteleros municipais que a dita orde lles exige ter determinado aforo e que este aforo debe constar na licenza de apertura, ocorrido que hai varios locais que foron traspasados incluso en varias ocasións durante os últimos anos, non contando no seu poder coa licenza de apertura e tiveron que acudir a solicitar copia da que consta no Concello para facer os trámites coa Xunta; que o prazo para facer os trámites para poder traballar co aforo interior permitido remata o día 5 polo que solicitan que desde o goberno municipal se lles axude, pois de todos é sabido dos problemas da hostelería neste ano que vai de pandemia e o goberno pode axudar cunha acción que leve a axilizar ditos trámites e obter copia da licenza de apertura do seu local e que o que non pode ser é que se lles conteste, como eles indican, que os expedientes de antes non están dixitalizados e que as carpetas atópanse nunha nave e que non sería fácil recuperalos; di o Sr. Chouciño que o Concello dispón dun arquivo e non sería aceptable que localizar un expediente fora un obstáculo polo que rogan que se poñan os medios precisos para que todo aquel que queira poida obter rapidamente unha copia da licenza de actividade do seu local para poder facer a tramitación que se exige na Consellería e poder traballar con garantías; que aínda que os expedientes non estean dixitalizados e estean en papel, non debería ser tan difícil localizalo e extender unha copia nun prazo breve.

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que, con respecto ao primeiro rogo do Sr. Chouciño, tiveron unha reunión cos empresarios e empresarias de Vilaboa afectados por esa obra cando só había un anteproxecto e eles manifestaron en que termos querían dita obra e así se fixo o proxecto; que en calquera caso, ten constancia de que por parte da concellería de Comercio se mantiveron reunións individuais con cada un dos empresarios e empresarias afectados e con algúns veciños que se dirixiron ao departamento de obras e servizos e á Alcaldía e demais concelleiros e concelleiras do equipo de goberno e se lle deron as explicacións pertinentes respecto do proxecto, solicitando ao Sr. Chouciño que se sabe dalgún empresario ou dalgunha empresaria que non fora visitada na explicación que individualmente se fixo a cada un, lle pida disculpas e que o comunique para poder darllas.

Segue o Sr. alcalde-presidente a súa intervención e di que, con respecto á segunda pregunta do Sr. Chouciño Garrido, pide que lle diga as solicitudes que houbo no Concello para solicitar licenza porque curiosamente a arquivista municipal é a mesma persoa que dirixe a área de promoción económica e emprego e hai uns instantes saíu dunha reunión coa Xunta de Galicia e fixo un resumo do alí falado, indicando que aqueles que non tiveran licenza van obter todo tipo de facilidades porque non é doado obter ese código QR que, en todo caso, é voluntario que o cliente faga uso do mesmo; que a vontade do equipo de goberno e dos traballadores e traballadoras do Concello, que son os que atenden directamente as solicitudes, está en facilitarlles todo o que o Sr. Chouciño Garrido indica polo que, se se comete algún erro e a algún empresario ou empresaria non se lle facilitara a súa licenza, solicita de forma confidencial se indique o seu nome para poder darlla canto antes.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Prieto García, concelleiro do grupo político popular quen, unha vez concedido, di que o seu grupo tiña tamén algunha moción que non podía ser tratada como tal e por iso a presentan desta forma; *(neste momento auséntase da sesión a concelleira Sra. Pérez Mosquera)* que respecto da obra de humanización de Vilaboa o seu grupo estudou o proxecto que se presentou e pensan que é pouco ambicioso xa que se mantén o dobre carril, elimínanse prazas de aparcamento sen contemplar alternativa ningunha, non se proxectan novos pasos de peóns, mantense a rede semaforica e a ampliación do tramo de beirarrúa non se mantén ao longo de todo o tramo de reforma; que, vendo detidamente o proxecto, desde o seu grupo non perciben onde queda reflexada a prioridade do peón se o número de pasos de cebrá se manteñen e se o ancho da beirarrúa apenas se ve ampliado, e preguntan se a “humanización” da zona queda só na colocación dunhas árbores e uns bancos porque o tráfico non se diminúe a os vehículos seguen a ser os protagonistas, e se non pensaron no pequeno comercio e nas súas necesidades; que a alternativa do grupo político popular é unha alternativa moderna, atractiva, ambiciosa e diferente, con sentido e pensando en profundidade este tema, propoñendo converter a vía nunha dun único sentido de baixada, con beirarrúas máis anchas e aumento das prazas de aparcamento, cun desvío do tráfico á avenida paralela para así, coa redución da vía e a ampliación das beirarrúas, mellorar o comercio local; que, en definitiva, o seu grupo presenta este rogo para que o goberno municipal revise e adecúe o proxecto presentado de Humanización de Vilaboa ás necesidades da poboación, dando protagonismo real aos peóns e dinamizando o comercio local da zona sobre todo nestes tempos de pandemia no que tanto sufriron e se teña en conta a proposta do grupo político popular e as variacións que nela solicitan para a tan castigada avenida de Vilaboa e que o goberno municipal consensúe cos comerciantes da zona a data de inicio das obras e estableza unha partida de axuda específica para que, durante a execución da mesma, non vexan aínda máis reducidos os seus ingresos.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que o seu grupo ten outro rogo en relación coa accesibilidade do centro social de Celas e Sésamo porque no pleno do mes de novembro o seu grupo presentou unha moción en relación coa accesibilidade nos pabellóns deportivos aprobada por todos os grupos políticos con representación no Concello e seguen detectando deficiencias e incumprimentos na redacción de proxectos encargados polo Concello en materia de accesibilidade en edificios municipais e hai que recordar que a normativa de accesibilidade é de obrigado cumprimento xa sexa en nova construción, reformas ou ampliacións; que no Centro Social de Celas, na memoria descriptiva do proxecto indicanse as actuacións previstas no seu exterior e interior pero desde o grupo popular de Culleredo non entenden que, tendo un proxecto de reforma e mellora de accesibilidade no exterior, non se teña en conta a mellora do interior nesa mesma materia xa que é de obrigado cumprimento; que o centro social

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

conta con dous aseos que, a día da data, non cumpren con normativa de accesibilidade, e o mesmo pasa no de Sésamo, onde está prevista a ampliación pero tampouco se reforma o baño que non está adaptado; que o proxecto tampouco valora a posibilidade da instalación dun ascensor tendo en conta que toda a actividade e a sala multiusos está no piso superior e, por todo o exposto, rogan que se revise e actualice o proxecto de mellora e adecuación do Centro Social de Celas, que todavía está en fase de licitación, para que se cumpra coa Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, engadindo ao proxecto de reforma un aseo adaptado e un ascensor (ou polo menos o foso e o oco), solicitando o mesmo para o centro social de Sésamo.

Continúa coa súa intervención o Sr. Prieto García e di que outro rogo que presenta o seu grupo é relativo á estrada que vai ao Xalo pois os veciños que utilizan a estrada de Folgueira ao Xalo presentan queixas polos socavóns de grandes dimensións que fixeron que algún coche deixara alí os seus neumáticos e puidera ser que calquera día habera alí un accidente grave.

Di que o seu grupo ten tamén outro rogo que trasladan dos veciños da Zapateira que levan xa nove meses sen luz na avenida de Nova York agardando a que o Concello e a Deputación se poñan de acordo e decidan que organismo é o que ten que arranxar un transformador que rompeu nesa zona.

Indica tamén o Sr. Prieto García que o seu grupo ten noticias de esperas por licenzas de primeira ocupación de máis dun ano e medio e explica o caso concreto dunha veciña que despois de agardar ano e medio por fin recibiu a visita do arquitecto municipal, o cal emitiu informe favorable pero despois dunhas semanas aínda estaba pendente de transcripción e que ningún lle pode dar unha previsión de canto máis terán que agardar pola licencia, polo que preguntan ao Sr. alcalde se pode dicir canto máis terá que esperar a veciñanza que se atope nesa situación e cal é o periodo medio de espera.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que, por último, quere indicar que os veciños e comerciantes da rúa Anxo Senra Fernández con Xoan Carlos I din que a beirarrúa, onde se atopa a prazoleta, ten problemas de apozamento de auga.

Responde o Sr. alcalde e di que, comezando coa pregunta sobre a rúa Anxo Senra, mirarán a zona e se é competencia municipal procederán ao seu arranxo inmediato; que sobre o exposto en relación coas licenzas municipais o equipo de goberno é consciente dos problemas que hai no departamento de Urbanismo para dar as licenzas de primeira ocupación e por ese motivo o equipo de goberno levou ao pleno unha modificación da RPT na que querían contar con máis personal na dita área, e presentouse un recurso contencioso-administrativo para bloquear todavía máis Urbanismo, problema este que o equipo de goberno está tentando de solucionar pois é consciente da grave falta de persoal coa que conta dita área e poder dotala de máis persoal técnico e administrativo; que respecto do rogo sobre a avenida de Nova York di que esta avenida está compartida coa cidade da Coruña e que é unha avenida provincial e así llo fixeron saber a aqueles que o preguntaron, entre eles a representante da asociación de veciños da Zapateira, deixando clara a súa preocupación pero que onde se atopa o que se pode chamar centro de transformación é no Concello da Coruña e por iso Culleredo non puido acometer esa obra, non podendo tampouco facela o Concello da Coruña porque ten que ser a Deputación a que o faga; que parece ser que vai ser este organismo o que o arranxe e despois poñerase en contacto cos concellos da Coruña e de Culleredo porque está compartido o mantemento dese vial e hai que poñerse de acordo despois para facerse cargo da factura eléctrica; que con respecto ao Xalo si é certo que hai problemas con ese vial porque se arrastran os parches que hai que poñer de cando en vez; que hai un proxecto cuantificado para o arranxo desa estrada que se mal non recorda ronda os dous centos corenta mil euros e en canto se aprobe o presuposto tratarase de dotar presupostariamente esa partida e se non se fixo antes é porque había un acordo coa Deputación para asumir o Concello algúns viais que sería máis lóxico que foran da Deputación porque non ten sentido que esa estrada que se inicia en Tabeaio, no Concello de Carral, sexa provincial ata o lavadoiro de Rodeira e de alí en diante que sexa municipal, polo que tratan de chegar a algún acordo e de non chegar a ningún *(neste momento auséntase da sesión o concelleiro Sr. Rico*

Código do documento	Código do expediente
USG15I015H	USG/2021/39
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5702 0A6C 504D 3B55 0C19	

Verea) desde o Concello farase ese arranxo porque en boa lóxica non se pode estar continuamente parcheando ese tramo.

Continúa o Sr. alcalde-presidente a súa intervención e di que, en canto ao dito sobre os centros sociais, xa falaron cos redactores do proxecto e din que cumpre perfectamente a normativa e que pasa os filtros da Unión Europea pero aténdese o rogo e tentarán de mellorar dita infraestrutura para, como ben dixo o grupo político popular, incluír un ascensor ou un montacargas porque isto supón mellorar a accesibilidade.

Di que o rogo feito sobre a obra de Humanización da avenida de Vilaboa non se acepta porque o proxecto que hai é o máis seguro para os veciños e as veciñas de Vilaboa, o máis versátil, e despois de valorar unha opción moi parecida á presentada polo grupo político popular, moi bonita no papel, viuse despois que non sería todo o práctica que se necesita porque hai que ter dous carrís por se o día de mañá houbera unha avaría ou houbera que facer algún plan de emerxencia pois do contrario non se podería dar saída aos veciños e veciñas, máxime tendo o aeroporto ao lado, polo que se primou a practicidade e o desenvolvemento dun proxecto desde o punto de vista estético pero tamén práctico o o proxecto presentado é un proxecto declarado de interese pola Unión Europea que cumpre con todos os requisitos para ser zona 30.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dezaséis horas e trinta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H